Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que están a ter as medidas adoptadas na supervivencia dos salóns de peiteado e de estética e barbarías

- 11795 (11/POP-001658)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun recurso contra a Sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo á compensación económica á familia Franco polos gastos feitos no pazo de Meirás

- 11796 (11/POP-001659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción das competencias da xestión do dominio público marítimo-terrestre

- 11803 (11/POP-001660)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para artellar unha posición de país respecto dos proxectos que debe remitir Galicia ao Goberno central para a súa inclusión no Plan nacional de recuperación e resiliencia

#### **1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)**

#### **Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces, e publicación**

- 11760 (11/PUP-000160)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da xuntanza levada a cabo o 23 de febreiro de 2021 por representantes das administracións municipal, provincial, autonómica e central, ademais da Autoridade Portuaria, para abordar o futuro do porto da Coruña

- 11946 (11/PUP-000161)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 9 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do seu ofrecemento ás entidades locais para a asunción da xestión das axudas municipais á hostalería, microempresas e autónomos co fin de acadar unha maior simplificación e axilidade

- 11950 (11/PUP-000162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma





Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso dun proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas

- 11957 (11/PUP-000163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a situación de mortalidade de moluscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas despois dos últimos temporais

#### **1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia**

##### **Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 11958 (11/POPX-000021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dalgunha reunión cos líderes das forzas parlamentarias de Galicia para abordar a saída da crise

- 11959 (11/POPX-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para avanzar cara á igualdade real das mulleres

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Daniel Pérez López, Luis Bará Torres, Paulos Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, relativa ao acceso ao servizo de cátering dispoñíbel para transportistas profesionais para as e os traballadores que realizan desprazamentos longos e non teñen opción de xantar no seu domicilio.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polo problema que xeran as restricións sanitarias actuais aos traballadores e traballadoras que por razón da súa actividade realizan desprazamentos longos, o que require que se adopten medidas inmediatas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade na Orde de 15 de febreiro de 2021 dispuxo a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde de 26 de xaneiro do 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na Galiza.

Entre as modificacións establécese que poderán permanecer abertos os establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de Estradas do Estado, vías de alta capacidade e rede primaria básica de estradas da Galiza





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que dispoñan de cociña, restauración ou expendedores de comida preparada, coa finalidade de facilitarlle aos transportistas profesionais un servizo de catering.

Son moitos os profesionais en situación análoga aos transportistas que por razón da súa actividade profesional percorren a diario longas distancias por estrada, e isto supón que necesariamente teñen que xantar fóra dos seus domicilios ou centros de traballo cada día que se desprazan.

Pero coa actual regulación e as medidas específicas de prevención, ao carecer de tarxeta de profesional do transporte CAP, non poden acceder a un servizo de catering nun deses establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de Estradas do Estado, vías de alta capacidade e rede primaria básica de estradas da Galiza que dispoñan de cociña, restauración ou expendedores de comida preparada.

Esta situación está provocando nestes colectivos situacións de desmoralización, ansiedade ou depresión, ao non contar con eses 45 minutos de desconexión (que supón sentarse nunha mesa a comer un prato quente) despois de traballar toda a mañá e ter que continuar pola tarde.

E se no caso dos transportistas o que habilita o uso deses establecementos é estar en posesión dunha tarxeta de profesional do transporte CAP, no caso dos traballadores en situación e funcións laborais análogas e dos que por razón da súa actividade profesional desprázanse lonxe dos seus domicilios ou centros de traballo e teñen que comer fóra, o que os habilitaría sería unha declaración responsábel da empresa para a que prestan servizos (susceptíbel de control pola administración) que manifieste que, por razón do seu traballo habitual e diario, o empregado vese na obriga de comer fóra do centro de traballo e do seu domicilio.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a estender de xeito inmediato o acceso a aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galiza, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galiza, que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada, a aqueles traballadores en situación e funcións laborais análogas á dos transportistas, e aqueloutros que por razón da súa actividade profesional se desprazan lonxe dos seus domicilios ou centros de traballo e se ven obrigados a xantar fóra.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Paulos Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/02/2021 11:34:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2021 11:34:37**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/02/2021 11:34:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 11:34:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, relativa á desescalada do sector da hostalería anunciada para o venres 26 de febreiro.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas para facilitar a preparación para a “desescalada” do sector da hostalería e a adaptación ás novas medidas de prevención e control ante a Covid-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai escasamente un tres días o Presidente da Xunta de Galiza anunciou unha nova desescalada. Esta decisión política tómase nun momento extremadamente complicado dende o punto de vista sanitario e epidemiolóxico, coas unidades de UCIs cheas e coincidindo coa confirmación da aparición de novas cepas víricas con maior potencial de expansión e contaxio.

Nesta desescalada establécense tres niveis de restricións, con apertura desigual da hostalería, relaxándose os peches perimetrais e permitíndose reunións de até catro non conviventes, dependendo dos concellos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo que na maior parte da Galiza reabrirá a hostalería a partir do venres, co límite horario das 18.00, podendo, no mellor dos escenarios posibles, servir no interior co límite do 30% e coas terrazas a metade de ocupación.

Pero a inconcrección por parte da Xunta de como vai ser esta desescalada e, en concreto, que medidas teñen que adoptar as hostaleiras no marco dun plan de hostalería segura, está xerando incerteza e confusión no sector.

Ademais, dende o sector da hostalería amosaron o seu descontento pola diferente axilidade coa que se procede aos peches e as desescaladas. Consideran que con esta desescalada non é viábel abrir os seus negocios, afondándose a crise que os atenaza. Seguen a criticar que dende a Xunta non haxa unha alternativa aos peches, que compatibilice a actividade co control. E que a apertura so coas terrazas é insuficiente. En canto as axudas articuladas no II Plan de Rescate , relativizan a súa efectividade, xa que cos requisitos esixidos, moitas hostaleiras e hostaleiros do noso país, non poderán acceder a elas.

Tamén na prensa, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que o vicepresidente, a Conselleira de emprego, a FEGAMP e o sector seguen intentando concretar un Plan de hostalería segura, para minimizar os riscos e evitar un novo peche.

Pero no día que se redacta esta iniciativa, a un día do inicio da desescalada, máis aló dos anuncios a través dos medios de comunicación, non existe unha comunicación oficial de como será esa desescalada e que concretas medidas se van adoptar para acadar ese plan de hostalería segura.

Sen embargo, e no marco dese Plan de hostalería segura, comunicóuselle escuetamente aos concellos a necesidade de asegurar o cumprimento das restricións vixentes nos establecementos abertos ao público con licenza municipal, ben coa propia





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Policía Local ou co apoio do resto de Corpos e Forzas de Seguridade. Funcións que as policía Local xa viñan desempeñando na práctica dende o comezo das restricións e que xeraron distorsión e problemas organizativos importantes nuns planteis en moitos casos, escasos. Desempeño de funcións de colaboración que ademais xeraron gastos extraordinarios importantes que foron asumidos polos propios concellos, afectando a unhas arcas municipais en moitos casos moi castigadas despois de meses de pandemia.

Toda esta sorte de anuncios na prensa, inconcrecións en canto a medidas e mecanismos de control a implementar e a falla de tempo material dos hostaleiros para facelo antes de que oficialmente se produza a desescalada; ou mesmo o feito de comprometer aos concellos en tarefas de control (sen que a día de hoxe a Xunta o comunicase de forma definitiva e oficial), está xerando unha incerteza e un malestar importante nun sector, o da hostalería, castigado e necesitado de clarezas e, precisamente, seguridade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a concretar de forma urxente o Plan de hostalería segura, explicitando que concretas medidas e mecanismos de control deben adoptar os negocios, e como cooperará coas administracións locais no relativo aos gastos extraordinarios asumidos por estes no marco do referido Plan.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Daniel Pérez López**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/02/2021 16:40:48**

**Ramón Fernández Alfonso na data 25/02/2021 16:41:02**

**María do Carme González Iglesias na data 25/02/2021 16:41:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2021 16:41:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre os riscos da situación da empresa ENCE en Lourizán.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego adopte medidas inmediatas para garantir a seguridade da poboación diante da alarma social provocada pola gravidade das declaracións do conselleiro delegado de ENCE nas que alerta sobre a situación das instalacións da empresa en Lourizán, sobre os riscos medioambientais e para as persoas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conselleiro delegado da empresa ENCE afirmou nun vídeo que na fábrica de Pontevedra “con esa caldeira de recuperación inestable podemos ter un susto en calquera momento, que pode afectar ademais ás persoas”.

Estas palabras foron pronunciadas nun contexto no que estaba a falar da non execución dos investimentos previstos pola empresa no seu Plan estratéxico, o que estaría a provocar un deterioro das instalacións e riscos medioambientais e para as persoas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O obxectivo último destas graves declaracións era crear un clima de presión diante do goberno central en relación coa tramitación da lei de cambio climático, pois o conselleiro delegado de ENCE reconece que tivo até sete reunións co secretario de Estado para forzar o cambio na redacción do artigo 18 do proxecto de lei, actualmente en trámite parlamentario.

Para o BNG estas declaracións son dunha gravidade extrema. En primeiro lugar pola alarma que xeran a respecto do estado das instalacións da fábrica e os riscos que isto supón para o medio e as persoas. En segundo termo, porque poderían estar poñendo de manifesto a non realización deliberada dos investimentos previstos, o que podería derivar en graves responsabilidades. En terceiro lugar, porque poñen de manifesto unha campaña de presións en todos os ámbitos para forzar a permanencia de ENCE na ría.

O goberno galego non pode permanecer impasíbel diante desta situación: debe dar explicacións á cidadanía e debe facelo coa máxima urxencia, a través dunha comparecencia pública e tamén no parlamento galego. E ademais debe tomar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e do medio, pois foi nada máis e nada menos que o máximo responsábel de ENCE quen alertou sobre os riscos e sustos que pode provocar o deterioro das instalacións da fábrica.

Por outra parte, o goberno galego debe ter unha postura de cumprimento estrito da lei e non colaborar na campaña de presións e chantaxes que está a levar a cabo a empresa pasteira para blindar a súa permanencia en Lourizán, mesmo pasando por riba dos procedementos democráticos e da lei.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar de maneira urxente unha inspección das instalacións da empresa ENCE en Lourizán certificando o bo funcionamento da caldeira de recuperación e a ausencia de riscos para as persoas e o medio.
2. Tomar todas as medidas necesarias no seu ámbito de competencias en relación coa fábrica de ENCE en Lourizán para protexer o medio e a saúde das persoas.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/03/2021 10:43:15**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/03/2021 10:43:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2021 10:43:29**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Marta Nóvoa Iglesias, José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias, Paula Prado del Río, Elena Candia López e Borja Vereá Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

### Xusticación da urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer a posición do goberno galego nun tema tan importante para nosa comunidade.

### Exposición de motivos:

O enlace ferroviario do porto exterior da Coruña é fundamental e imprescindible para garantir a competitividade e a sostibilidade económica desta infraestrutura estratéxica e de gran parte do tecido produtivo da cidade e da área. Da boa saúde económica de Punta Langosteira depende, en boa medida, a de toda a área da Coruña e incluso a do resto de Galicia. O porto exterior herculino é un activo estratéxico dentro do Corredor Atlántico de Mercadorías, que se erixe como elemento básico para incrementar a capacidade loxística e económica de todo o noroeste peninsular.

A conexión ferroviaria de Punta Langosteira condiciona a viabilidade das empresas trasladadas a este enclave, así como as que o fagan no futuro dende o porto interior e, ao tempo, dela depende tamén a continuidade do proceso de liberación de espazo para que reverta na cidade.

Dispoñer deste enlace por tren é, en suma, crucial para Galicia. Pero o interese amosado polo Goberno galego por acadar este obxectivo, xunto con diversos colectivos empresariais, sociais e políticos, contrasta coa falta de compromiso do Goberno central e coa resignación expresada polo Concello da Coruña tras o infrutuoso encontro mantido o pasado 23 de febreiro, no que quedaron sen resolver todos os problemas de porto coruñés.



Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Licitación de xeito urxente das obras que permitan a conexión ferroviaria de Punta Langosteira.
2. A condonación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria da Coruña para a execución do porto exterior ou a busca dunha axuda equivalente á realizada noutros portos españois.
3. A desafección dos terreos da fachada marítima para proceder á súa integración urbana”.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 01/03/2021 18:34:05**

**Diego Calvo Pouso na data 01/03/2021 18:34:30**

**Carmen María Pomar Tojo na data 01/03/2021 18:34:57**

**José Manuel Balseiro Orol na data 01/03/2021 18:35:23**

**María Sol Díaz Mouteira na data 01/03/2021 18:35:35**

**Ramón Carballo Páez na data 01/03/2021 18:35:46**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Marta Nóvoa Iglesias na data 01/03/2021 18:36:16**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 01/03/2021 18:36:29**

**José Manuel Rey Varela na data 01/03/2021 18:36:40**

**José Antonio Armada Pérez na data 01/03/2021 18:37:01**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/03/2021 18:37:14**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 01/03/2021 18:37:38**

**Cristina Sanz Arias na data 01/03/2021 18:37:50**

**Paula Prado del Río na data 01/03/2021 18:38:04**

**María Elena Candia López na data 01/03/2021 18:38:56**

**Borja Vereza Fraiz na data 01/03/2021 18:39:17**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda da creación dun Observatorio do Baile e a Música Tradicional Galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país, que afecta de desigual maneira aos diversos sectores culturais galegos, segundo sexa a súa actividade profesional.

Un dos colectivos máis afectados, pola súa pouca visibilidade profesional, é o dos traballadores e traballadoras da música e o baile tradicional, imprescindible sostén do proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base e pezas fundamentais no entramado socioeconómico do sector cultural galego.

A docencia da música e do baile da nosa tradición representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006).

Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun inmenso potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegados por subvencións da administración pública, sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

Mais este sector profesional da cultura tradicional caracterízase pola diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais.

Trátase, pois, dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación condicionada pola pandemia actual, que cómpre analizar con rigor para atendela de forma eficaz e eficiente ad futurum.

De feito, o descoñecemento desta realidade cultural foi explícita por parte do propio goberno galego ao non ser contemplada no Plan de Reactivación para os sectores cultural e turístico proposto pola Xunta de Galiza en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a crear un Observatorio do Baile e a Música Tradicional Galega que recolla anualmente datos de tipo económico e social, o que permitirá coñecer a repercusión do sector no conxunto do tecido cultural e económico e sirvan de base para a elaboración dun plan de apoio e reforzo da transmisión da música e do baile tradicional galego.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/02/2021 09:49:51**

**Daniel Castro García na data 22/02/2021 09:50:09**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2021 09:50:21**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda de actuacións urxentes de recuperación do movemento asociativo cultural galego dedicado á promoción e difusión da música e baile de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país.

A realidade profesional dos sectores culturais galegos é moi diversa, o que xustifica diferentes niveis de afectación da crise derivada da covid, así como tamén o seu encaixe nas convocatorias de axudas publicadas até o momento por parte da Xunta de Galiza.

Os traballadores e traballadoras do sector da música e o baile tradicional teñen chamado a atención pola situación que está a vivir desde o comezo da pandemia o proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base, dedicadas en boa parte á promoción e difusión da música e baile de Galiza, peza fundamental no entramado socioeconómico do sector cultural galego.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estes colectivos agrupan a máis de 10.000 asociados/as, compoñentes, traballadores/as e alumnos/as que pertencen ou desenvolven o seu traballo en asociacións ou entidades que ofertan innumerábeis actividades como clases, concertos, espectáculos, festivais, foliadas, seráns, feiras de artesáns, etc., que axudan á conservación e transmisión da nosa identidade e do noso patrimonio cultural inmaterial e que están completamente paralizadas a día de hoxe. Queremos facer fincapé en que a paralización da actividade está a supoñer importantes perdas

Entre estas particularidades atópase a diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais. É por isto que é importante ter unhas medidas específicas para o sector, diferente neste aspecto da cultura comunmente chamada profesional, para os que a paralización da actividade no seo das asociacións culturais, folclóricas e escolas de música e baile tradicional, vai supoñer un parón na actividade económica moi considerable que dificilmente poderá recuperar a súa normalidade sen axuda económica da administración e de toda a sociedade galega.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006) editado pola Fundación Sordeseu, no que participou e colaborou a AGG. Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun tremendo potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional. Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran aportados por





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

subvencións da administración pública; sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

A música e o baile da nosa tradición, dinamizada a través destas asociacións culturais, representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

Porén, trátase dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación actual.

As asociacións paralizaron a actividade presencial, tanto aulas regulares como actividades esporádicas, as actividades remuneradas coas que as completan os seus fondos destinados a cubrir gastos fixos e salarios de mestres tamén están canceladas ou adiadas, o que provoca que gran parte das asociacións cancelasen os salarios do seu profesorado, deixando estes nunha situación de desamparo.

A paralización da actividade das asociacións culturais supón unha crise a nivel económico, social e cultural de consecuencias nefastas e até o momento inimaxinables, nun sector cultural que é salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

Unha situación que non foi en absoluto contemplada no Plan de Reactivación para os Sectores Cultural e Turístico proposto pola Xunta de Galicia en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a :

1. Crear un plan de axudas urxente para a promoción da contratación de profesorado por parte das asociacións culturais que permita a regularización da situación laboral das traballadoras e traballadores da música e do baile tradicional.

2. Crear un plan de axudas económicas inmediato dirixido ás asociacións para manter e aumentar a actividade cultural de eventos artísticos e formativos de música e danza tradicional (obradoiros, festivais, mostras, etc.) que contribúan a sufragar as perdas causadas no asociacionismo cultural por mor do estado de alerta desde hai case un ano e coa apertura dun período extraordinario de modificación nos obxectos destas para poder reformulalas e reprogramalas segundo a evolución das restricións provocadas pola evolución da pandemia.

3. Reforzar a programación anual da Xunta de Galiza coa contratación directa de grupos de música e baile tradicional.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/02/2021 10:07:03**

**Daniel Castro García na data 22/02/2021 10:07:07**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2021 10:07:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación do comedor escolar do CEIP Os Tilos de Teo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Os Tilos en Teo conta cun comedor escolar que ata o pasado curso era xestionado pola ANPA deste centro. Non obstante, ante a pandemia da COVID-19 e os protocolos aprobados pola Xunta de Galiza, a ANPA non se ve quen de continuar ofertando o servizo, polo que en agosto de 2020 se lle notifica á Consellería de Educación que o comedor escolar deixaría de estar xestionado pola ANPA e iníciáanse os trámites para solicitar que sexa a Xunta de Galiza quen proporcione este servizo.

Durante meses, non se produciu ningunha resposta da Consellería, obrigando ás familias a asumir custosos servizos de conciliación privados, ou mantendo ás crianzas sen xantar ata ben entrada a tarde. Esta demora administrativa está a situar o servizo nun grave risco pois ao estar a piques de consumarse un ano sen o funcionamento activo do comedor, este poderá considerarse como un comedor inactivo, quedando así eximido da obriga de xestión por parte da Xunta de Galiza.

Só foi no mes de febreiro do presente ano cando se obtén unha resposta, onde se elude esta responsabilidade na xestión e se deriva a outras administracións. Ademais do agravio comparativo que supón a respecto dos outros dous colexios públicos de Teo que





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

si que contan con comedores escolares xestionados pola Xunta de Galiza, esta falta de implicación está a provocar que moitas familias consideren a posibilidade de cambiar a matrícula das alumnas ao non contar con este servizo. Unha potencial caída nas matriculacións mudaríaa estabilidade do centro, ao non acadar os números mínimos para manter certos grupos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asumir a xestión do comedor escolar do CEIP Os Tilos de Teo á maior brevidade posible, prestando este servizo básico para o benestar do alumnado e parte importante da conciliación familiar.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2021 10:43:43**

**Iria Carreira Pazos na data 22/02/2021 10:43:51**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A figura da persoa socorrista é indispensable para velar pola seguridade dos e das bañistas tanto nas piscinas coma nas praias ao longo do noso territorio.

Sen esquecer outras moitas funcións que desempeñan, no ámbito das súas competencias, relacionadas coa nosa saúde e seguridade (primeiros auxilios, información sobre a situación do mar ou da praia ...).

Na actualidade a figura do socorrista en Galicia, está regulada polo Decreto 104/2012 do ano 2012, que veu dar unha regulamentación xurídica a este sector.

Este réxime establecido, foi elaborado polo Goberno da Xunta, sen ter en conta as recomendacións dos sectores implicados o que provocou que nel existan moitos puntos mellorables.

A necesidade desta mellora quedou en evidencia, coa aplicación deste decreto ao longo destes anos, xa que provocou, entre outras cuestións, unha redución progresiva do número de socorristas o que fai que na actualidade exista un grave déficit na nosa comunidade.

Isto está a ocasionar moitos problemas na temporada de verán xa que moitas praias quedan sen cubrir, co risco para a seguridade dos bañistas que isto provoca, ao que se suma a imposibilidade de izar a bandeira azul e o gran malestar dos concellos afectados por non poder garantir este servizo.

Na actualidade a Xunta de Galicia está a elaborar un novo Decreto para regular a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na comunidade autónoma de Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que esta é unha oportunidade para poder dar un xiro a esta tendencia que se dirixe cara á desaparición deste sector, e mellorar unha regulación cara á consolidación e



valoración desta categoría profesional, consolidación de dereitos, mellora de salarios, aumento das tempadas de traballo e da implicación da Administración, entre outras consideracións.

Pero sobre todo, entendemos que é momento para que a Xunta leve a cabo unha regulación consensuada coas federacións, asociacións e axentes sociais implicados no sector, co fin de poder acadar a mellor normativa posible, que vai revertir en garantías e seguridade para todos os galegos e todas as galegas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que consensúe coa Fegamp e as federacións, asociacións e axentes sociais do sector o futuro decreto, que se está a elaborar e que vai regular a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na comunidade autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/02/2021 13:53:39**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2021 13:53:49**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/02/2021 13:54:05**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Hai uns días, a Consellería de Medio Ambiente informou sinteticamente de 10 proxectos que afirma que vai presentar ante o Goberno do Estado para a captación de fondos *Next Generation* e que aspira a desenvolver nun prazo de 3 anos. Eses 10 proxectos optarían a un total de 122 millóns de euros. Deles a metade, segundo a consellaría, terían tres obxectivos concretos modernizar os recursos enerxéticos e potenciar os ecosistemas do parque nacional das Illas Atlánticas (11 millóns); a recuperación integral de 300 quilómetros de ríos, denominado Proxecto Mil Ríos, centrado no Ulla, Eo, Landro e Sor (31,3 millóns); e a restauración de 1.500 hectáreas de terreo da Rede Natura que sufriu incendios forestais (12 millóns).

Outras iniciativas, segundo a consellaría, teñen a recuperación da biodiversidade como eixo: adquisición de solo nos seis parques naturais para a restauración de ecosistemas (16 millóns), eliminación de especies invasoras (con 14 millóns específicos para Galicia e 3,5 millóns de euros compartidos con Asturias, País Vasco e Cantabria para eliminar a herba da pampa), creación dun mapa de hábitats de Galicia (1,1 millóns), recuperación do entorno do río Eo (2,9 millóns compartidos con Asturias) e traballos para actuar sobre 1000 hectáreas de espazos naturais atravesadas por infraestruturas (15 millóns), así como actuacións en 1000 hectáreas da Rede Natura (15 millóns).

A conselleira defendeu estes proxectos afirmando que “estamos ante 10 ambiciosos proxectos que cumpren as liñas xerais dos fondos comunitarios e cos que queremos responder ás necesidades presentes e futuras do noso medio natural”.

Non obstante, o importe e alcance dos proxectos desminte a ambición que pregona a conselleira. Ante unha oportunidade histórica como é a que representan os fondos *next generation* para dar un impulso á recuperación do medio ambiente de Galicia, e facer del, ao mesmo tempo, un vector de recuperación económica, sorprende a escaseza da ambición do departamento de medio ambiente.



Hai que ter en conta que no Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia o obxectivo de transición ecolóxica ascende a un 37 % dos fondos, e que eses fondos ascenden a aproximadamente 70.000 millóns nunha primeira fase, o cal implicaría que está previsto un importe de 25.900 millóns para transición ecolóxica, no cal Galicia ten que concorrer co resto das CC.AA baseándose nun deseño ambicioso. Certamente, neses importes están tamén incluídos proxectos de enerxía limpa, pero a cifra que a consellaría presenta como obxectivo (que non ten por que ser acadado dado que os fondos non se van repartir con criterios territoriais estritos senón en relación coa competencia entre proxectos, condicionalidade, etc) é manifestamente insuficiente, ademais de que o proceso de selección deses proxectos carece de deliberación cos axentes sociais, outras administracións, cidadanía, e está revestido de opacidade.

Pódese afirmar que esta escaseza de ambición e opacidade é unha nova mostra da política medioambiental da Xunta de Galicia, marcada polo ecobranqueo, un orzamento moi baixo e tolerancia e permisividade ante as agresións ao medio, que chocan frontalmente co espírito dos tempos e coa axenda verde española e europea.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Presentar e dar conta no Parlamento de Galicia dos 10 proxectos por importe de 122 millóns de euros que a conselleira de Medio Ambiente anunciou ante os medios de comunicación como aspirantes á captación de fondos *Next Generation*.

2ª) Convocar urxentemente aos colectivos, partidos e axentes sociais relacionados co medio ambiente –incluíndo ás organizacións ecoloxistas- para abordar, debater e consensuar os proxectos medioambientais que deben ser propostos para a captación dos fondos europeos ante o Goberno de España, partindo da necesidade dunha maior ambición que a amosada pola consellaría.

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**







**Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2021 13:57:38**

**Paloma Castro Rey na data 22/02/2021 13:58:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/02/2021 13:58:13**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A estrada PO-308, é unha das estradas con maior índice de accidentes do noso país, unha das vías con maior tránsito de vehículos sobre todo nas temporadas estivais, e tamén con moito tránsito peonil polas súas beirarrúas.

A pesar desta perigosidade, a Xunta de Galicia leva anos poñendo parches, sen levar a cabo unha actuación completa e sen implantar unha vía alternativa que permita facilitar a convivencia dos veciños que lindan con esta estrada.

A Xunta de Galicia no ano 2018 anunciou que ante o alto índice de sinistralidade que mostraban os últimos datos, ía reforzar a seguridade viaria na estrada PO-308, mediante a construción de 3 sendas peonís Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas-Samieira e O Covelo-Raxó, e a maiores actuacións complementarias da mellora da seguridade viaria nestes teitos da estrada.

O custo desta obra sería de 6,5 millóns de euros, con cargo a fondos europeos e estaría rematada no ano 2020.

Pero a realidade é que a Xunta de Galicia non cumpriu o seu compromiso xa que estamos no 2021 e só executou o tramo Raxó-Samieira, cun investimento de aproximadamente 4 millóns de euros.

Aínda quedan Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas, a pesar de cualificalo hai 3 anos como “inaprazable”.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Goberno da Xunta que cumpra coas súas promesas e remate as obras comprometidas para o concello de Poio, xa que se trata dunha estrada principal neste municipio, e adquiriu un compromiso cos seus veciños e veciñas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a executar no ano 2021 o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro, Combarro-Chancelas, para cumprir co comprometido.

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/02/2021 17:29:59**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2021 17:30:13**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2021 17:30:27**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 22/02/2021 17:30:43**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre os protocolos de vacinación aos traballadores do mar e de actuación cos casos de positivos covid en ruta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas foron coñecidos distintos casos de buques galegos que viaxaban ás Malvinas e na súa ruta foron retidos en porto por detectarse gromos de covid-19 entre a súa tripulación.

Primeiro o “Venturer”, barco pertencente á empresa galega Pescapuerta, que se atopa fondeado nun porto brasileiro con varios tripulantes infectados dun total de 64 e, pouco despois, o “Argos Pereira” que arribou ao porto de Montevideo coa metade da súa tripulación, 54 persoas, afectada de covid-19.

Os dous buques partiron do porto de Vigo con dirección ao caladoiro das Malvinas após, supostamente, de teren realizadas as probas pertinentes. O “Venturer” chegou a Salvador de Bahía o 28 de xaneiro e á tripulación non se lle permitiu desembarcar, agás cinco tripulantes que foron ingresados en centros hospitalarios diante da gravidade dos seus síntomas. A tripulación do “Argos Pereira”, da empresa galega Pereira, tamén permaneceu illada no barco ata que as autoridades uruguaias permitiron desembarcar a aqueles que deron negativo nas probas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A lexislación internacional considerou nesta pandemia aos traballadores do mar como esenciais e a Comisión Europea ditou no mes de abril de 2020 disposicións relativas á protección da súa saúde e da súa repatriación. Mentres, a administración do Estado español e a galega carecen aínda, un ano despois do comezo da pandemia, dun protocolo homologado que impida as disparidades que se están a dar nos distintos casos.

Mais non é só a falla de protocolos de actuación. O certo é que, tanto os propios tripulantes como as súas familias non son informadas puntualmente das actuacións que se levan a cabo por parte das empresas nin tampouco por parte das administracións.

Á vista, pois, do que está a acontecer resulta difícil acreditar en que, despois de transcorreren varios días de navegación dende a súa saída de porto, aparezan casos de covid en alta mar se as probas correspondentes están, efectivamente, realizadas. E polo tanto, tampouco parece claro que os controis que a administración debера levar a cabo para garantir a saúde das persoas que viaxan nestes barcos se efectúen coa rigorosidade exixida.

E son as administracións, precisamente, as que deberan extremar os controis para garantir en todo momento que se cumpran as recomendacións sanitarias e para que, unha vez detectados os gromos, se poda atender do mellor xeito aos afectados se manteñan, eles e as súas familias, informados constantemente.

Faise necesario, pois, sen maior dilación que se establezan normas transparentes e que tanto as empresas como os tripulantes e tamén as súas familias saiban a que aterse sen provocar situacións que, por un lado podan aumentar os riscos sanitarios e, por outro, a confusión por falla de información clara.

Se temos en conta, ademais, que os barcos non son o contorno axeitado para que un número importante de persoas infectadas convivan coas que non o están e se





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cumpran as medidas de seguridade que require o tratamento da covid, debera poñerse máis empeño en extremar as precaucións antes da saída dos buques.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a acordar co Goberno do Estado:

1. O establecemento dun protocolo de actuación específico que, de acordo coas empresas, cos sindicatos e coas autoridades sanitarias, permita actuar sen dilación cando se teña coñecemento da existencia dun buque galego ou con porto base en Galiza con tripulantes infectados por coronavirus a bordo, mantelos informados a eles e ás súas familias e recibiren a axuda que sexa necesaria.

2. Un protocolo de vacinación de acordo ás características específicas dos traballadores do mar, contemplando a estancia suficiente en terra para que, unha vez saian ao mar, se garanta a súa saúde e seguridade.”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 23/02/2021 09:44:50**

**María do Carme González Iglesias na data 23/02/2021 09:45:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2021 09:45:12**

**Iria Carreira Pazos na data 23/02/2021 09:45:19**

**Daniel Castro García na data 23/02/2021 09:45:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2021 09:45:36**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A día de hoxe, os barcos do Gran Sol teñen limitadas as súas descargas en portos do Reino Unido de luns a venres.

Isto sucede porque a Secretaría General de Pesca, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, unicamente lles valida os imprescindibles certificados de capturas en día laborables, non en festivos nin fins de semana.

Sen este documento, as autoridades británicas non dan luz verde aos desembarcos nos seus portos, desde onde se transporta o peixe en camiión para comercializalos en lonxas galegas como Burela, Celeiro, Ribeira, Vigo ou A Coruña.

Tramítase de forma telemática e acredita que as capturas coinciden coas rexistradas no diario de abordo e que o barco ten licenza e cota.

Que son capturas legais han de comprobalo na Secretaría General de Pesca, pero non o certifica fóra do horario hábil dos funcionarios. Aínda que conta con persoal no centro de seguimento da frota durante as 24 horas de todos os días do ano, non é de plantilla propia e non está habilitado para validar eses certificados.

Os armadores urxen unha solución para equiparar á frota española á do Reino Unido ou Francia, onde si cumprimentan ese documento fins de semana e festivos.

Palangreiros e arrastreiros de fondo que faenan ao norte do Reino Unido, preto de Escocia, esperan a recibir o certificado, atrasando as descargas e, con elas, o retorno ao caladoiro e o traslado a portos españois dun produto fresco, tan sensible como é o peixe, coas consecuentes influencias nas cotizacións ou no día de venda, xerándose a perda de vendas en días de boas cotizacións.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Secretaria General de Pesca para que habilite unha solución á frota española e así poda descargar nos portos do Reino Unido durante as fins de semana e días festivos, formulándose sistemas para dispoñer da posibilidade de xerar certificados de capturas neses días”.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/02/2021 14:01:05**

**Teresa Egerique Mosquera na data 23/02/2021 14:01:30**

**José Manuel Balseiro Orol na data 23/02/2021 14:01:40**

**Ana Belén García Vidal na data 23/02/2021 14:01:52**

**Manuel Santos Costa na data 23/02/2021 14:02:01**

**José Alberto Pazos Couñago na data 23/02/2021 14:02:10**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 23/02/2021 14:02:24**

**Daniel Vega Pérez na data 23/02/2021 14:02:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Concello de Vila de Cruces ten denunciado en diferentes ocasións os problemas de seguridade viaria que padecen en varios puntos das súas infraestruturas viarias.

A inseguridade viaria é especialmente grave para a veciñanza da parroquia de Piloño e, en xeral, para calquera viandante que transite polo viario PO-960 ao seu paso polo lugar da Senra. Este lugar coñecido como a “*recta de Piloño*”, é un viario que se atopa limitado a 50 km/h pero no que está permitido o adiantamento de vehículos en toda a recta.

Isto fai que a limitación sexa obviada, con frecuencia, polos vehículos que transitan pola dita vía e con adiantamentos que moitas veces poñen en perigo ás persoas viandantes.

A carencia de beirarrúas ou outro lugar habilitado para poder transitar sen perigo, sumado ao feito de que a liña que delimita a calzada se sitúa ao límite dela, leva a que as persoas viandantes teñan que transitar por dentro da calzada co risco que isto carrega para a súa seguridade.

O estado desta recta súmase ao grave estado de deterioro que se vén denunciando tamén, dende hai anos, no tramo da PO-960 que vai dende Vila de Cruces a Ponte Ledesma e na PO-204 que vai dende Vila de Cruces a Bandeira.

Estas circunstancias foron xa trasladadas polo Concello de Vila de Cruces en repetidas ocasións á Xunta de Galicia e con comunicacións tanto en marzo de 2017 como en outubro de 2019, no que se traslada o acordo plenario aprobado por unanimidade instando a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao acondicionamento das estradas PO-960 e PO-204 nos tramos que discorren por Vila de Cruces, incluíndo a realización de beirarrúas e senda peonil na parroquia de Piloño. Reclamacións que a día de hoxe non obtiveron resposta por parte Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a atender, no prazo máximo de 6 meses, as peticións do Concello de Vila de Cruces en materia de mellora das súas infraestruturas viarias e que pasan por:

1º) Mellorar o acondicionamento das estradas PO-960 e PO-204 nos tramos que discorren polo Concello de Vila de Cruces.

2º) Introducir as medidas de seguridade máis oportunas para limitar a velocidade en todo o tramo da PO-960 ao seu paso polo lugar da Senra, coñecida como recta de Piloño, e que contempla tanto a colocación de bandas reductoras de velocidade instaladas en puntos concretos da dita calzada como a creación dunha senda peonil e beirarrúas que doten de seguridade aos peóns neste tramo.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/02/2021 12:30:48**

**Julio Torrado Quintela na data 23/02/2021 12:31:04**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2021 12:31:14**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 23/02/2021 12:31:28**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O coñecemento e a innovación son esenciais para manter e mellorar o benestar social e o crecemento económico. A competitividade e a produtividade do tecido económico depende, case exclusivamente, da cantidade de coñecemento avanzado incorporado pola actividade produtiva e, polo tanto, da súa renovación continua. A investigación en ciencias naturais, sociais e humanas é unha fonte de valores e enriquecemento cultural.

Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e innovación como valor estratéxico e pilar do benestar e do crecemento.

Trátase de aumentar razoablemente o investimento público necesario tanto en ciencia (centros de investigación, universidades e outros axentes do sistema) como en innovación, para alcanzar o investimento medio da UE en I + D + i. Este é un obxectivo mínimo que temos que consensuar entre todos os axentes económicos, sociais e políticos, converxendo tamén na distribución do investimento en I + D + i entre o sector público e o privado.

A Comisión Europea estableceu recentemente un obxectivo para 2030 para que os Estados membros invistan en total, entre público e privado, o 3 % do PIB en I + D + i e que o investimento público represente o 1,25 % do PIB.

Ademais de aumentar os recursos, a Xunta de Galicia debe garantir o cambio xeracional e a atracción e retención de talento, así como garantir o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás Pemes.

O Goberno autonómico debe consolidar unha carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador equivalente á dos países máis avanzados. Que os investigadores dispoñan dos medios materiais e administrativos



necesarios dende o principio. Que se dupliquen os recursos públicos actuais para a incorporación e formación do persoal de I + D + I nas empresas.

O Grupo Parlamentario Socialista aposta por poñer en marcha mecanismos que incentiven a participación privada no sistema xeral de innovación, de maneira que o seu gasto avance cara a alcanzar o 1,5 % do PIB.

Por iso, reclamamos á Xunta que incremente a porcentaxe de investimento en I+D+i, co fin de pasar do 0,98 % actual ata o 1,5 % do PIB nos vindeiros dous orzamentos.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Incrementar a porcentaxe de investimento en I+D+i ata o 1,5 % do PIB galego nos vindeiros dous orzamentos.

2º) Crear as condicións necesarias para incentivar a participación privada en I+D+i de xeito que se acade, na Comunidade Autónoma de Galicia, o obxectivo conxunto do 3 % do PIB.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 23/02/2021 17:39:35**

**Martín Seco García na data 23/02/2021 17:39:46**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 23/02/2021 17:40:00**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

No municipio de Pontevedra hai 10 escolas unitarias, situadas nas diferentes parroquias, que contan cunha media de alumnos inferior ás escolas sitas no casco urbano o que supón no momento de pandemia que vivimos, unha gran vantaxe en termos de seguridade sanitaria para eses alumnos/as.

Por outra banda, esta media de alumnos, inferior ao de 25 nenas/os por aula que se mantén na área urbana, permite que o modelo pedagóxico utilizado sexa máis participativo, e próximo. E a radicación nas parroquias fai de elemento dinamizador, xerando a interacción entre o alumnado, as familias, e as persoas da contorna, ademais da apertura ao medio e a natureza.

O medio rural é rico en recursos, e isto supón unha gran fonte de aprendizaxe xa que as escolas non se reducen ás aulas.

Na parroquia de Verducido, existe unha escola de infantil e primaria, esta última aberta dende o ano 1964, que vén contando cunha media de entre 25 e 40 alumnos.

É unha escola que conta con aulas grandes, 3 patios e está situada nunha contorna que favorece a interacción do alumnado coa natureza e o entorno rural no que viven.

Derivado desta proximidade, non conta con servizo de comedor nin autobús, polo que o coste de manter esta escola aberta redúcese respecto a outras. A pesares disto, o curso 19/20 a Xunta cerrou unha das aulas de infantil que contaba con 18 alumnos.

O modelo educativo que se segue nesta escola é inclusivo e diverso, as súas dimensións e o entorno fan que dende hai anos se leve a cabo neste centro un proxecto innovador, no que se utilizan metodoloxías novas e pioneiras na nosa contorna. Isto fixo que levase máis dunha ducia de premios e recoñecementos a nivel educativo, e que colaborase na coordinación de varios proxectos en



colaboración con escolas finlandesas.

Este curso teñen como proxecto iniciar unha colaboración activa coa escola O Pelouro de Caldelas de Tui, cuxo modelo psico-socio-pedagóxico, que aposta por unha integración saudable, fai que sexa unha escola de referencia a nivel estatal.

A pesares de todo isto, a Consellería de Educación no mes de setembro, uns días antes do inicio do curso, decidiu pechar a aula de primaria deste centro, e reubicou para este curso 20/21, aos nenos e nenas nunha escola sita noutra parroquia.

Os pais e nais destes alumnos recorreron esta decisión arbitraria ante o xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, que o 13 de novembro de 2020, fallou a favor das familias considerando que a actuación da consellaría, pechando a aula de primaria con catro nenas xa matriculadas, foi incompatible co dereito fundamental á educación, e obriga á Xunta a reabrir a unidade de primaria na escola de Verducido, en Pontevedra.

Así mesmo, a sentenza forzaba á Administración educativa a dotar o centro dos medios necesarios, nun prazo de dez días, para que as nenas puidesen recibir durante este curso educación primaria na escola rural de Verducido.

As familias afectadas, renunciaron á volta das súas fillas a esta escola durante este curso, por razóns de sentido común, xa que levaban xa 3 meses cursando estudos noutro centro. Pero defenden a apertura para o próximo curso desta aula, para seguir mantendo viva unha escola que leva aberta dende 1964 e emprazan á Administración a ter en conta o maltrato causado a todo o alumnado da escola de Verducido, non só aos de primaria, pois toda a escola viviu esta situación como unha arbitrariedade, incluso os alumnos de infantil, que se viron privados de irmás, amigos e compañeiros de forma inxusta.

Por outra banda, entendemos que a Xunta ten a obriga de facer un esforzo para ofertar aos nenos e nenas do rural a mellor educación posible, dende a igualdade de oportunidades, apostando e apoiando ás familias que decidiron vivir no rural, conseguindo así enraizar á poboación sen que se vexan obrigadas en ningún momento a renunciar a unha educación pública de calidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:





1º. Cumprir co establecido na sentenza do 13 de novembro de 2020 do xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra.

2º. Abrir a aula e dotar o centro dos medios necesarios, para que as nenas e nenos que o desexen, poidan recibir durante o curso 21/22 educación primaria na escola rural de Verducido.

3º. Recuperar a aula de infantil perdida no curso 19/20.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 23/02/2021 18:08:46**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2021 18:08:56**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2021 18:09:08**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 23/02/2021 18:09:22**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O pasado día 19 de setembro do 2020 a Consellería de Sanidade, de acordo coas recomendacións efectuadas polo comité clínico, decidía suspender temporalmente as competicións de deporte federado de ámbito autonómico, así como aplicar a estes deportistas nos seus adestramentos os criterios xerais vixentes para o conxunto da poboación, é dicir, adestramentos individuais ou de grupos cun máximo de catro persoas.

A maiores, a Consellería de Sanidade, anunciaba que os deportistas federados de ámbito autonómico, e en consecuencia os clubs nos que se integran, estarán suxeitos ás limitacións de mobilidade e aos horarios impostos polo toque de queda.

O pasado día 15 de xaneiro a Xunta de Galicia acordaba o levantamento parcial das medidas restritivas que se viñan aplicando como consecuencia da terceira onda da pandemia. Entre outras medidas, o Goberno galego acordaba o inicio e a reanudación das competicións federadas de ámbito autonómico que se tiñan suspendido por motivo da pandemia.

Competicións que en moitas modalidades deportivas se viña prorrogando o seu inicio dende hai varios meses, en aras de que se aprobasen pola Xunta de Galicia os protocolos remitidos polas federacións respectivas en adaptación do Protocolo Fisio-Covid, así como en espera de que se aprobasen novos calendarios e criterios de competición que permitisen adaptarse á realidade imposta pola pandemia xerada pola covid-19.

Por outra banda, a inexistencia dun horizonte meridianamente previsible sobre o devir da pandemia e os seus efectos nas decisións que se vexan obrigadas a adoptar as administracións públicas, fai imposible que os deportistas e os clubs federados de ámbito autonómico poidan planificar cun mínimo de rigor o devir da tempada en curso, tanto no ámbito deportivo como no económico, o cal dificulta, no actual contexto, o establecemento de calquera seguridade na elaboración do calendario de competición.



A maiores, a difícil situación económica xerada pola pandemia, con especial impacto en Pemes e autónomos, está a impedir que moitos clubs deportivos poidan obter financiamento e esponsorización dende o ámbito privado, o que pon en risco serio a súa supervivencia.

Neste contexto, tendo en conta o papel esencial que desenvolven os clubs autonómicos na defensa do deporte afeccionado e deporte de base, é necesario que dende a Xunta de Galicia se implementen axudas excepcionais para garantir a súa continuidade.

A finais de xaneiro aprobábanse os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2021, uns orzamentos certamente expansivos que incorporan un suplemento de gasto de 1.575 millóns de euros, basicamente polo incremento das transferencias do Estado ( 685 m/€ ) e polas transferencias de fondos europeos (431 m/€ ).

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, somos conscientes da enorme complexidade que implica a xestión desta pandemia e queremos amosar a nosa vontade construtiva e de consenso para que dende a Administración autonómica se adopten as medidas máis axeitadas en beneficio do deporte federado de ámbito autonómico, para o cal sería conveniente que o propio vicepresidente da Xunta de Galicia, Sr. Rueda Valenzuela, comparecese no Parlamento para os efectos de explicar a realidade presente e futura que lle espera ao deporte autonómico federado en Galicia nos próximos meses, así como as medidas de apoio que necesariamente hai que prestar aos clubs para garantir a supervivencia deles no actual contexto.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar unha liña de axudas directas para os clubs deportivos federados de ámbito autonómico que se inscribisen e participen nas competicións organizadas polas federacións deportivas galegas na actual tempada deportiva, complementaria e adicional a calquera outra liña de subvencións xa establecida pola Secretaria Xeral para o Deporte ou calquera outra Administración pública autonómica, estatal ou local.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021





**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/02/2021 19:31:24**

**Pablo Arangüena Fernández na data 23/02/2021 19:31:36**

**Paloma Castro Rey na data 23/02/2021 19:31:54**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 23/02/2021 19:32:04**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Salceda de Caselas é o municipio de Galicia que presenta nos últimos anos un maior índice de crecemento demográfico.

Na actualidade hai ao redor de 2.000 menores, dos cales sobre 1.200 teñen idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

Existen dúas escolas de educación primaria, o CEIP Altamira e o CRA Raíña Aragonta, que son claramente insuficientes para absorber esta demanda.

En concreto en relación co servizo de comedor, no ano 2010 púxose en marcha no CEIP Altamira, pero este era insuficiente para asumir a demanda de nenos e nenas das dúas escolas antes referidas.

No ano 2018, despois de varias iniciativas do Grupo Socialista e da presión social exercida, o Goberno da Xunta de Galicia, colocou uns contedores de obra, como solución provisional para prestar este servizo.

Tres anos despois, con máis de 100 nenos e nenas usuarios de comedor deste centro, seguen a utilizar estes contedores de obra para presentar o servizo de comedor, no que entendemos é un claro desleixo por parte da Administración.

Dende o PSdeG entendemos que non revisten as condicións de salubridade, e non dan resposta á necesidade existente, por iso como xa fixemos noutras ocasións volvemos a solicitar á Xunta de Galicia que neste ano 2021, se leve a cabo a creación dun espazo digno para comedor escolar.

O Grupo Parlamentario Socialista leva anos insistindo neste tema, o Goberno do PP fai caso omiso e non atende estas reivindicacións tan necesarias e que reverterían no beneficio de todos os nenos e nenas deste municipio, garantindo o dereito que teñen ao acceso a unha educación pública digna e de calidade.



Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, de forma urxente, unha actuación no CEIP Altamira de Salceda de Caselas, co fin de que no curso 21/22 este centro conte cunhas novas instalacións de comedor, substituíndo os contedores por unhas construcións que cumpran as condicións mínimas que require unha atención de calidade para o alumnado.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 24/02/2021 12:32:53**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/02/2021 12:33:29**

**Noa Susana Díaz Varela na data 24/02/2021 12:33:42**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 24/02/2021 12:33:57**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O pasado 27-08-2020, o Goberno e as comunidades autónomas, reunidas nunha conferencia multisectorial sobre educación e sanidade, publicaron o documento denominado DECLARACIÓN DE ACCIÓNS COORDINADAS EN SAÚDE PÚBLICA CONTRA A COVID-19 PARA CENTROS EDUCATIVOS DURANTE O CURSO 2020-21, entre outras disposicións, establece os grupos de convivencia estable, como alternativa ideal para organizar os diferentes cursos de infantil e primaria (debido á maior dificultade para manter a distancia interpersoal nestas idades) e recomenda que estes grupos teñan un número reducido de alumnos: “Onde os nenos e as nenas máis novas teñen maiores dificultades para cumprir a distancia e, á súa vez, teñen unha necesidade de maior interacción e proximidade no coidado do cumprimento dos obxectivos educativos e do seu adecuado desenvolvemento, a mellor alternativa é o establecemento de grupos convivencia estable. Estes grupos estarán formados por un pequeno número de alumnos e un titor de referencia ”.

A pesar destas directrices a Xunta de Galicia, actuou de forma contraria ao recomendado, e o acontecido no CEIP Barcelos de Pontevedra, é un claro exemplo.

Dende hai moitos anos, o CEIP Barcelos de Pontevedra contaba na súa aula de 4º de educación infantil cunha matrícula de algo máis de 25 alumnos, e as ensinanzas neste centro organizáronse sempre en dous grupos diferentes (aula e profesor).

No mes de setembro, días antes do inicio do curso por parte da Inspección Educativa, comunícase ao colexio a intención de suprimir unha clase de infantil de 4º para o curso 2020/2021, xustificando que había 19 alumnos matriculados neste curso, e a intención era centralos nunha soa aula.

Tras este aviso formalizáronse 4 matrículas máis, sendo na actualidade 23 alumnos/as os matriculados en 4º de Educación Infantil. Pero a pesar disto, e das manifestacións e peticións dos pais e nais dos alumnos e alumnas, a Xunta de Galicia non revocou a súa decisión, e mantén durante este curso por primeira vez



unha única aula de 4º de educación infantil.

O Grupo Socialista rexistrou unha iniciativa na que se instaba ao Goberno da Xunta a revocar esta decisión por entendela totalmente desaxeitada, dadas as actuais circunstancias sanitarias e os correspondentes medios e instalacións xa existentes, precisamente neste curso entendiamos que era máis necesario que nunca, manter a planificación grupal dos anos anterior e non aumentar a ratio, actuando da forma contraria ao que recomentan as autoridades sanitarias e a OMS.

A partires do mes de marzo, iníciase a planificación do próximo curso 2021-2022, polo que dende o Grupo Socialista, solicitamos ao Goberno da Xunta que reconsidere esta decisión e volva a dividir este curso de 4º de infantil en dúas aulas con dous profesores, xa que por sorte este colexio conta cunhas instalacións amplas e suficientes para poder desenvolver as actividades de forma axeitada, e porque isto xa se viña facendo todos os anos anteriores, sendo moito máis beneficioso non só para garantir a distancia sanitaria e a seguridade ao ter menos nenos en cada aula senón tamén porque ao diminuír a ratio de alumnos e alumnas por profesor mellora notablemente a calidade da ensinanza.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que reconsidere a súa decisión e restableza a segunda aula de educación infantil do CEIP Barcelos en Pontevedra, continuando no curso 2021/22 en dous grupos diferentes todas as actividades educativas correspondentes.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 24/02/2021 13:27:08**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/02/2021 13:27:19**

**Noa Susana Díaz Varela na data 24/02/2021 13:27:32**







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/02/2021 13:28:23  
**Nº Rexistro: 11696**  
Data envío: 24/02/2021 13:28:23.104

**Gonzalo Caballero Míguez na data 24/02/2021 13:27:46**

CSV: BOPGDSPGBYjxO0sdf8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñado, José Manuel Rey Varela e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

## Exposición de motivos

As evidencias médicas e científicas coinciden na importancia da práctica regular de actividade física no obxecto de mellorar a saúde, a calidade de vida e o benestar da cidadanía. Tanto no relativo á prevención de enfermidades crónicas non transmisibles como poden ser as cardiovasculares, determinados tipos de cancro ou a diabetes, como polos seus efectos positivos para o desenvolvemento da saúde mental e os procesos cognitivos, ou para a propia socialización dos individuos, o deporte e a actividade física son elementos determinantes na consecución de estilos de vida activos e saudables para a poboación, o que directamente incide tamén no sostemento dos sistemas sanitarios.

A importancia do fenómeno deportivo e a súa conexión coa saúde dos cidadáns atópase consagrada en todas as lexislacións comparadas do entorno nacional e europeo, nas institucións comunitarias e na propia Constitución española, onde se contén un mandato xeral aos poderes públicos para o seu fomento (artigo 43.3), o que sen dúbida ven derivado da súa estreita vinculación coa saúde, á que se refire o propio apartado 1 do mesmo artigo 43.

En Galicia, a Lei do deporte, Lei 3/2012, do 2 de abril, establece como a nosa Comunidade Autónoma reconece as especiais funcións que o deporte desempeña na sociedade, en especial e entre outros ámbitos, na mellora da saúde pública, razón pola que o deporte é considerado de interese público: artigo 2.

A crise epidemiolóxica provocada pola actual pandemia da Covid-19 supuxo un impacto sen precedentes en moitas actividades produtivas e de servizos con motivo das medidas adoptadas para a prevención da expansión da pandemia.

Un dos ámbitos especialmente afectados é o do sector dos servizos relacionados co deporte e a actividade física. Peches prolongados, suspensións e limitacións de actividades e aforos, ou investimentos extraordinarios para o establecemento das



medidas de prevención impostas, a actual situación do sector atópase marcada por importantes reducións de facturacións e por unha destacada perda de usuarios e abonados, o que seriamente pon en risco a permanencia da actividade e a estabilidade do sector, dos seus traballadores e familias.

Identificando economicamente o sector e axentes deportivos, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, en 2018, a industria do deporte xerou en España de maneira directa unha actividade económica de 15.768 millóns de euros de produción e 195.027 postos de traballo, a través de máis de 37.231 empresas. Esta actividade económica xerada directamente pola industria equivale ao 1,3% do PIB nacional e a súa achega ao emprego ascende ao 1% da poboación ocupada en España. Incluídos nestas magnitudes, atópase a facturación dos ximnasios, que alcanzou os 662 millóns de euros e, en termos de emprego, os 27.495 empregados.

Pola súa parte o Estudio de Avaliación do Impacto da pandemia da Covid-19 sobre o Ecosistema do Deporte en España, elaborado polo Observatorio da Fundación España Activa coa colaboración da Asociación do Deporte Español (ADESP) e do Consello Superior de Deportes (CSD), estima que os axentes do ecosistema do deporte en España sufrirán unhas perdas do 38,5% da súa cifra de negocio no exercicio de 2020. En termos de emprego, apuntase que o 35% dos axentes do deporte realizara, o ían facelo, un expediente de regulación de emprego pola Covid-19, o que afectaría ao 73,5% do persoal en nómina a comezos dese ano 2020.

As actuacións adoptadas polas autoridades para a prevención e contención da pandemia viñeron acompañadas por medidas de distinta índole dirixidas a establecer prestacións e axudas por cese de actividade e reducións de facturación nos negocios con motivo da Covid-19.

Trátanse en definitiva de medidas encamiñadas a apoiar a empresas e autónomos, aos fogares, ao emprego e ao tecido produtivo, e tanto para a fase de contención da pandemia como para o momento de recuperación económica e social unha vez superada a crise sanitaria, momento este ademais non exento aínda de certa incertidumbre no que respecta a súa intensidade e duración.

Neste obxectivo, e entre outras medidas, o Goberno galego ven de anunciar para o sector que nos ocupa, como o segundo Plan de rescate da Xunta de Galicia, dotado con 75 millóns de euros, que se suman aos 86,2 do primeiro plan, incluírá tamén axudas específicas para o sector dos ximnasios.

Concorrendo evidentes razóns de interese social, principalmente sanitarias pero tamén económicas dada a magnitude do sector, compre seguir afondando no establecemento



de incentivos que fortalezcan as bases para a recuperación desta parte importante da nosa economía e emprego, e elo sobre fórmulas coherentes coas que acadar unha recuperación forte e sostible.

Entre estes incentivos que veñan a apuntalar a recuperación, cabe salientarse a redución do tipo impositivo do Imposto sobre o Valor Engadido naquelas prestacións de servizos deportivos que non estean xa suxeitas a exención, art. 20.1.13º da Lei do Imposto sobre o Valor Engadido, lei 37/1992, de 28 de decembro, ou ao tipo reducido do 10%, art. 91. Uno.2.8º da mesma norma.

En base ao sinalado, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do Imposto sobre o Valor Engadido do 21% ao 10% en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor”.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/02/2021 13:53:22**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 24/02/2021 13:53:56**

**Paula Prado del Río na data 24/02/2021 13:54:24**

**María Sol Díaz Mouteira na data 24/02/2021 13:54:56**

**José Alberto Pazos Couñago na data 24/02/2021 13:56:46**

**José Manuel Rey Varela na data 24/02/2021 13:57:01**

**Borja Verea Fraiz na data 24/02/2021 13:57:24**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre os fondos europeos para paliar as consecuencias da covid.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o comezo da lexislatura o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego insistiu na importancia de que Galiza contase cunha posición forte, consensuada, dialogada e transparente diante da carreira pola obtención de fondos europeos ao seren unha opción para o financiamento de políticas de resposta ás necesidades da pandemia da covid-19 e de resposta ás debilidades estruturais do noso sistema socioeconómico, previas ao coronavirus.

Porén, a actitude do grupo maioritario na Cámara foi, na liña da Xunta de Galiza, a de obstaculizar a saída adiante de calquera iniciativa ao respecto, tanto de transparencia como da formulación dalgún tipo de acordo de país. Esta obstaculización evidenciouse tamén a través de varias mostras do escaso peso político da Xunta de Galiza, incapaz de evitar a centralización das decisións do Estado, ata o punto de nin sequera incorporar a demanda dunha xestión descentralizada e respectuosa coas competencias galegas nas sucesivas reunións, como a de Feijoo e Sánchez do pasado 29 de xaneiro de 2021. É necesario e urxente que Galiza teña unha posición proactiva sobre





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cales son as medidas necesarias para corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza.

Así mesmo, é necesario corrixir a falta de transparencia e rendición de contas pois até o momento o noso país e os axentes sociais e económicos asisten como convidados de pedra a unha cerimonia da confusión e do anuncio permanente. Entre outros, podemos sinalar, por exemplo, como o 17 de outubro anunciaban sete proxectos por 3.200 millóns de euros e 18.000 empregos; o 22 de outubro os proxectos multiplicáronse até 108 por valor de 9.400 millóns. Máis adiante, o 29 de xaneiro, após a reunión con Pedro Sánchez, transcendía exclusivamente a presentación de cinco proxectos, non coincidentes cos cinco sinalados no inicio deste proceso. E así, un continuo suma e segue de anuncios e confusión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata, no prazo máximo de 3 días, toda a información referente a planificación de proxectos, notificacións enviadas a institucións europeas e estatais así como as correspondentes cos anuncios do Presidente da Xunta de Galiza en sucesivas notas de prensa.

2. Negociar co goberno central medidas de descentralización da xestión dos fondos.

3. Trasladar ao Parlamento galego, para o seu coñecemento, debate e aprobación, as próximas propostas que se vaian remitir ao goberno central.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2021

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/02/2021 16:01:59**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 24/02/2021 16:02:13**

**Daniel Pérez López na data 24/02/2021 16:02:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/02/2021 16:02:34**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas**, e dos deputados **Manuel Antonio Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á demanda dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos *Next Generation* para a reactivación e impulso da cultura galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do segundo semestre de 2020 o Consello da Cultura Galega publicou dous informes -o Barómetro da cultura galega I e a Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2020- que radiografaron o estado das axentes e sectores culturais galegos dende que empezou a crise do coronavirus.

As conclusións destes informes reclaman da atención urxente do goberno galego, porque a cultura tamén representa cifras que debemos colocar no punto de mira das gravosas consecuencias da pandemia, ao mesmo nivel doutros sectores produtivos, económicos e de emprego que a secuencia das diferentes vagas epidemiolóxicas contribuíron a agudizar desde hai case un ano.

Os problemas que veñen afrontando os sectores culturais son múltiples: o cesamento ou caída da actividade e o conseguinte descenso na demanda; o problema de tesouraría; a dificultade para pagar impostos e seguros sociais; os





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

problemas cos provedores e de distribución e os de financiamento; as limitacións de aforo, a inseguridade xurídica e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene, entre outras.

A economía marítimo-alimentaria das nosas costas (marisqueo, acuicultura, conserva, etc) xera unha actividade produtiva dificilmente deslocalizable, intensiva en man de obra en boa medida feminina e na que temos unha vantaxe competitiva evidente, o cal outórgalle un carácter estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI, sinaladamente no ámbito da Unión Europea. Así mesmo, o turismo vinculado ás nosas costas ten unha grande importancia que pode medrar no futuro, ademais de que as nosas costas son un patrimonio público que debe ser conservado para as xeracións futuras e subtraído da posibilidade de apropiación particular, sen perder de vista o especial impacto que pode ter o cambio climático nas nosas costas.

Galicia xa ten amplas competencias no ámbito costeiro, desde a promoción económica, a medioambiental, á ordenación do litoral, etc, e nese sentido, entendemos que dentro do reparto de competencias do Estado, ten sentido lóxico e xurídico que sexan exercidas pola Comunidade Autónoma as de xestión do dominio público marítimo terrestre, por razóns funcionais e de proximidade ao territorio e ás súas especificidades.

Os gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterizáronse polo completo abandono sobre as demandas competenciais para Galicia, sen que nos últimos 12 anos fose solicitada ningunha nova transferencia que supuxese a ampliación do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.



O caso que nos ocupa ben merece poñer fin a esa parálise, por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para asumir as competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/02/2021 18:07:38**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/02/2021 18:07:55**

**Patricia Otero Rodríguez na data 25/02/2021 18:08:07**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 25/02/2021 18:08:20**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O pasado 10 de febreiro aprobábase o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, un regulamento que permite culminar o marco normativo para a execución dos fondos de recuperación *Next Generation* – Eu.

O devandito Regulamento define os piares e liñas forza en torno os cales deben ser orientados os proxectos europeos: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial, crecemento intelixente, resiliencia económica, social e institucional e políticas de nova xeración (orientadas especialmente á xuventude).

A maiores este regulamento define uns umbrais mínimos; un 37 % dos fondos deben ir dirixidos a políticas de transformación ecolóxica para acadar os obxectivos de cambio climático definidos na Axenda 2030 no marco dos obxectivos de desenvolvemento sostible definidos pola ONU; un 20 % dos fondos deben ser destinados a políticas de transición dixital; o restante correspondente a cada Estado debe orientarse a obxectivos país.

Da totalidade dos 750.000 millóns que constitúen os fondos *Next Generation*, o Estado español poderá percibir aproximadamente 140.000 millóns, un 18,66 % do total de acordo cos criterios de reparto aprobados no Consello Europeo de xullo de 2020: impacto da pandemia no crecemento económico dos estados, indicadores de desemprego xeral e indicadores de desemprego xuvenil.

Un Consello europeo no que o Goberno español fixo unha boa negociación xa que foi capaz de fixar criterios de distribución dos fondos de acordo co impacto da pandemia nas economías dos países.

Do importe total que lle corresponde ao Estado español, 72 mil millóns de euros concédense en forma de contribucións financeiras non reembolsables e o resto en forma de préstamo.



Os fondos *Next Generation* artículanse en torno a dous instrumentos:

a ) O fondo React- Eu, por importe de 12 mil /millóns de euros, un fondo máis asimilable aos fondos tradicionais na súa execución, e que se establece para dar unha resposta urxente para os efectos ocasionados pola pandemia no sistema sanitario, sistema educativo e na economía (Pemes, autónomos.. ). Do importe total deste fondo, as CC.AA percibirán 10 mil millóns de euros, dos que a Galicia lle corresponden nun primeiro tramo, 441 millóns de euros.

b) Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ( MRR ), por importe de 60 mil millóns de euros, debe ser executado o 70 % antes do final de 2022 e o 30 % restante antes de final de 2023. Estes fondos están ligados a presentación de proxectos capaces de facer máis resiliente a economía, orientados cara á súa transformación de acordo coas liñas marcadas polo Regulamento e demais Instrumentos Comunitarios.

Pois ben, conforme ao Regulamento indicado, a porta de acceso os Fondos Europeos se deberá facer a través do Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, un plan definido a escala estatal que debe incorporar proxectos susceptibles de absorber os fondos e que debe ir acompañado dun plan de investimentos e un plan de reformas; un Plan que ten que ser avaliado pola Comisión, aprobado polo Consello Europeo e fiscalizado internamente no ámbito do Estado e no marco do Semestre europeo.

Respecto á execución dos fondos ás institucións comunitarias deixan liberdade aos países para fixar os criterios de reparto interno. Conforme avanzou o Goberno español o 50 % dos fondos serán executados polas comunidades autónomas e un 10 % aproximadamente polas entidades locais.

A tal efecto, a asignación de fondos farase de modo obxectivo conforme a criterios de concorrencia , para o cal xa os orzamentos do estado para o ano 2021 adiantan a consignación de 27 mil millóns de euros, avanzando a posibilidade de que nun breve prazo de tempo se publiquen as distintas convocatorias a través dos ministerios.

Por outra banda, o Goberno do Estado tamén contempla a posibilidade de asinar convenios marco de carácter sectorial coas comunidades autónomas e cos concellos, para a execución de proxectos de carácter estratéxico no ámbito territorial.





Diante dun contexto que aproxima que nos próximos meses se empezarán a executar os fondos *Next Generation*, ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia preocúpalle a ausencia de folia de ruta da Xunta de Galicia na definición dos proxectos que deben emanar dende o noso país para ser incorporados ao Plan Nacional de Recuperación.

Unha preocupación que se fai máis acentuada cando comprobamos que o Goberno galego está máis centrado en confrontar co Goberno do Estado que en articular unha auténtica posición de país que coadxuve na definición dos mellores proxectos coa participación de todas as forzas políticas con representación no Parlamento galego, dos axentes sociais, da universidade e da Fegamp.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia acorda constituír de xeito urxente, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, unha ponencia, coa participación de todas as forzas parlamentarias, dos axentes sociais e da universidade galega, para conformar unha posición de país en torno á priorización dos proxectos que deben optar á asignación dos fondos europeos, para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia.

2º. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a remitir á Cámara galega, no prazo de sete días, a listaxe dos 108 proxectos, calquera outros impulsados pola Xunta de Galicia, enviados para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, con explicación detallada da natureza do proxecto, o seu impacto na creación de emprego, o criterio de selección e o nome da empresa ou entidade, pública ou privada, executora do proxecto.

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/02/2021 16:24:52**





**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/02/2021 16:25:04**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 25/02/2021 16:25:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ao acceso ao servizo de catering dispoñíbel para transportistas profesionais para as e os traballadores que realizan desprazamentos longos e non teñen opción de xantar no seu domicilio.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polo problema que xeran as restricións sanitarias actuais aos traballadores e traballadoras que por razón da súa actividade realizan desprazamentos longos, o que require que se adopten medidas inmediatas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade na Orde de 15 de febreiro de 2021 dispuxo a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde de 26 de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

xaneiro do 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na Galiza.

Entre as modificacións establécese que poderán permanecer abertos os establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de Estradas do Estado, vías de alta capacidade e rede primaria básica de estradas da Galiza que dispoñan de cociña, restauración ou expendedores de comida preparada, coa finalidade de facilitarlle aos transportistas profesionais un servizo de catering.

Son moitos os profesionais en situación análoga aos transportistas que por razón da súa actividade profesional percorren a diario longas distancias por estrada, e isto supón que necesariamente teñen que xantar fóra dos seus domicilios ou centros de traballo cada día que se desprazan.

Pero coa actual regulación e as medidas específicas de prevención, ao carecer de tarxeta de profesional do transporte CAP, non poden acceder a un servizo de catering nun deses establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de Estradas do Estado, vías de alta capacidade e rede primaria básica de estradas da Galiza que dispoñan de cociña, restauración ou expendedores de comida preparada.

Esta situación está provocando nestes colectivos situacións de desmoralización, ansiedade ou depresión, ao non contar con eses 45 minutos de desconexión (que supón sentarse nunha mesa a comer un prato quente) despois de traballar toda a mañá e ter que continuar pola tarde.

E se no caso dos transportistas o que habilita o uso deses establecementos é estar en posesión dunha tarxeta de profesional do transporte CAP, no caso dos traballadores en situación e funcións laborais análogas e dos que por razón da súa actividade profesional desprázanse lonxe dos seus domicilios ou centros de traballo e teñen que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comer fóra, o que os habilitaría sería unha declaración responsábel da empresa para a que prestan servizos (susceptíbel de control pola administración) que manifeste que, por razón do seu traballo habitual e diario, o empregado vese na obriga de comer fóra do centro de traballo e do seu domicilio.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Realizou a Xunta algunha xestión para que os traballadores e as traballadoras que por razón da súa actividade teñen que facer desprazamentos longos poidan acceder aos servizos dispoñíbeis para os transportistas nos centros loxísticos e nas vías e estradas?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

**Asdo.: Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Alexandra Fernández Gómez**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María González Albert**

**M<sup>a</sup> Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2021 11:45:12**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/02/2021 11:45:24**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/02/2021 11:45:30**

**Rosana Pérez Fernández na data 25/02/2021 11:45:37**

**Ramón Fernández Alfonso na data 25/02/2021 11:45:46**

**Daniel Pérez López na data 25/02/2021 11:45:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 25/02/2021 11:46:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2021 11:46:53**

**Daniel Castro García na data 25/02/2021 11:47:03**

**María del Carmen Aira Díaz na data 25/02/2021 11:47:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2021 11:47:16**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/02/2021 11:47:24**

**María González Albert na data 25/02/2021 11:47:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 11:47:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2021 11:47:51**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/02/2021 11:47:59**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/02/2021 11:48:07**

**María do Carme González Iglesias na data 25/02/2021 11:48:13**

**Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2021 11:48:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A alarma social xerada pola confirmación o día 25 de febreiro da notificación de sanción ao Doutor Castrillo require un posicionamento da Xunta con carácter de urxencia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de novembro o Diario do Támea avanzaba en exclusiva que presuntamente a xerencia de Ourense tería incoado un expediente disciplinario contra o xefe de xinecoloxía do hospital de Verín, Francisco Javier Castrillo por discrepar dun traslado ao Hospital de Ourense o pasado 30 de novembro.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Hai que recordar que o pasado 22 de novembro de 2019 unha delegación da dirección da EOXI de Ourense, Verín e Valdeorras liderada polo xerente, Félix Ruibal, comunicaba ás e aos profesionais do Hospital de Verín que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de sala de partos nin tampouco habería gardas de pediatría hospitalaria. Esta decisión chegaba despois dunha longa lista de agravios con este Hospital e foi contestada na rúa, tanto nunha histórica manifestación o pasado 30 de novembro de 2019, que foi contestada en mobilizacións feministas convocadas o pasado 4 de decembro en numerosas localidades do país e en constantes mobilizacións na comarca, na cidade de Ourense e cunha repulsa política xeral en Ourense e na oposición do Parlamento Galego. Finalmente, a Xunta tivo que rectificar e reabrir a sala de partos.

Entre outros feitos graves, o BNG e o feminismo denunciaron no seu día situacións como a vivida o 12 de decembro, cando se produciu un parto de urxencia e a velocidade de dilatación era tal que o persoal sanitario de Verín decidiu atender o nacemento no hospital comarcal e evitar os riscos dun traslado. Posteriormente sucedéronse graves feitos que precisaron a concorrencia do aparello xudicial e que remataron coa crianza sendo despois da súa nai e trasladada de forma separada até Ourense, con horas de diferenza, incumprindo os protocolos na materia e tendo posteriormente ademais un deficiente trato á nai unha vez chegada ao CHUO. Estes feitos constitúen un exemplo de violencia contra as mulleres e non foron investigados polo que sorprende que agora se coñeza un procedemento deste calibre contra un profesional que se significou publicamente a favor do mantemento do servizo en Verín e sobre un feito – a discrepancia sobre un traslado- que aparentemente foi inocuo canto ás súas consecuencias.

Esta situación parece a mostra dunha presión política máis por parte da dirección de Rubial e da política da Xunta de Galiza para coartar ás e os profesionais críticos coas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

súas decisións, polo que desde o BNG esixíronse explicacións ao respecto que non foron suficientemente aclaradas.

Neste contexto, o pasado 23 de febreiro de 2021 o Diario do Támeiga avanzaba que a instrutora do expediente aberto a xefe do Servizo de Xinecoloxía tería elevado á Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Sanidade a súa proposta de resolución, na que consideraría que o médico incorrera en falta grave e solicita que se imponha unha sanción de dous días de suspensión de funcións.

É evidente que se a proposta de sanción non é meirande é porque non hai evidencias que a sosteñan, mais segue habendo indicios de que esta operación corresponde a unha represalia encuberta e que danaría o expediente deste profesional.

O pasado 25 de febreiro confírmase a notificación de sanción ao Doutor Castrillo.

Diante disto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cal é a valoración do goberno galego respecto do expediente a un profesional do Hospital de Verín e as demandas de retirada?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz**  
**Luis Bará Torres**  
**Iria Carreira Pazos**  
**Daniel Castro García**  
**Ramón Fernández Alfonso**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**María González Albert**  
**M<sup>a</sup> Carme González Iglesias**  
**Rosana Pérez Fernández**  
**Daniel Pérez López**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Mercedes Queixas Zas**  
**Paulo Ríos Santomé**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**  
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2021 16:23:01**

**Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2021 16:23:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 25/02/2021 16:23:20**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/02/2021 16:23:26**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/02/2021 16:23:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2021 16:23:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 16:23:47**

**María González Albert na data 25/02/2021 16:23:56**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/02/2021 16:24:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2021 16:24:11**

**María del Carmen Aira Díaz na data 25/02/2021 16:24:19**

**Daniel Castro García na data 25/02/2021 16:24:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2021 16:24:35**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/02/2021 16:24:44**

**Iria Carreira Pazos na data 25/02/2021 16:24:54**

**Daniel Pérez López na data 25/02/2021 16:25:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ramón Fernández Alfonso na data 25/02/2021 16:25:14**

**Rosana Pérez Fernández na data 25/02/2021 16:25:23**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/02/2021 16:25:31**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á desescalada do sector da hostalería anunciada para o venres 26 de febreiro.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas para facilitar a preparación para a “desescalada” do sector da hostalería e a adaptación ás novas medidas de prevención e control ante a Covid-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai escasamente un tres días o Presidente da Xunta de Galiza anunciou unha nova desescalada. Esta decisión política tómase nun momento extremadamente complicado dende o punto de vista sanitario e epidemiolóxico, coas unidades de UCIs





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cheas e coincidindo coa confirmación da aparición de novas cepas víricas con maior potencial de expansión e contaxio.

Nesta desescalada establécense tres niveis de restricións, con apertura desigual da hostalería, relaxándose os peches perimetrais e permitíndose reunións de até catro non convivintes, dependendo dos concellos.

Polo que na maior parte da Galiza reabrirá a hostalería a partir do venres, co límite horario das 18.00, podendo, no mellor dos escenarios posíbeis, servir no interior co límite do 30% e coas terrazas a metade de ocupación.

Pero a inconcrección por parte da Xunta de como vai ser esta desescalada e, en concreto, que medidas teñen que adoptar as hostaleiras no marco dun plan de hostalería segura, está xerando incerteza e confusión no sector.

Ademais, dende o sector da hostalería amosaron o seu descontento pola diferente axilidade coa que se procede aos peches e as desescaladas. Consideran que con esta desescalada non é viábel abrir os seus negocios, afondándose a crise que os atenaza. Seguen a criticar que dende a Xunta non haxa unha alternativa aos peches, que compatibilice a actividade co control. E que a apertura so coas terrazas é insuficiente. En canto as axudas articuladas no II Plan de Rescate , relativizan a súa efectividade, xa que cos requisitos esixidos, moitas hostaleiras e hostaleiros do noso país, non poderán acceder a elas.

Tamén na prensa, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que o vicepresidente, a Conselleira de emprego, a FEGAMP e o sector seguen intentando concretar un Plan de hostalería segura, para minimizar os riscos e evitar un novo peche.

Pero no día que se redacta esta iniciativa, a un día do inicio da desescalada, máis aló dos anuncios a través dos medios de comunicación, non existe unha comunicación





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

oficial de como será esa desescalada e que concretas medidas se van adoptar para acadar ese plan de hostalería segura.

Sen embargo, e no marco dese Plan de hostalería segura, comunicóuselle escuetamente aos concellos a necesidade de asegurar o cumprimento das restricións vixentes nos establecementos abertos ao público con licenza municipal, ben coa propia Policía Local ou co apoio do resto de Corpos e Forzas de Seguridade. Funcións que as policía Local xa viñan desempeñando na práctica dende o comezo das restricións e que xeraron distorsión e problemas organizativos importantes nuns planteis en moitos casos, escasos. Desempeño de funcións de colaboración que ademais xeraron gastos extraordinarios importantes que foron asumidos polos propios concellos, afectando a unhas arcas municipais en moitos casos moi castigadas despois de meses de pandemia.

Toda esta sorte de anuncios na prensa, inconcrecións en canto a medidas e mecanismos de control a implementar e a falla de tempo material dos hostaleiros para facelo antes de que oficialmente se produza a desescalada; ou mesmo o feito de comprometer aos concellos en tarefas de control (sen que a día de hoxe a Xunta o comunicase de forma definitiva e oficial), está xerando unha incerteza e un malestar importante nun sector, o da hostalería, castigado e necesitado de clarezas e, precisamente, seguridade.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Considera a Xunta de Galiza que o anuncio dunha desescalada e dun Plan de Hostalería segura deben ser explicados simultaneamente ao sector coa antelación suficiente para prepararse e adaptarse a unha ao outro?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

**Asdo.: Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Alexandra Fernández Gómez**

**María González Albert**

**M<sup>a</sup> Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2021 16:34:18**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/02/2021 16:34:26**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/02/2021 16:34:35**

**Rosana Pérez Fernández na data 25/02/2021 16:34:43**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/02/2021 16:34:51**

**Daniel Pérez López na data 25/02/2021 16:34:58**

**Iria Carreira Pazos na data 25/02/2021 16:35:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2021 16:35:13**

**Daniel Castro García na data 25/02/2021 16:35:20**

**María del Carmen Aira Díaz na data 25/02/2021 16:35:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2021 16:35:34**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/02/2021 16:35:42**

**María González Albert na data 25/02/2021 16:35:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 16:35:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2021 16:36:00**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/02/2021 16:36:06**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/02/2021 16:36:13**

**María do Carme González Iglesias na data 25/02/2021 16:36:20**

**Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2021 16:36:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M<sup>a</sup> Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os riscos da situación da empresa ENCE en Lourizán.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego adopte medidas inmediatas para garantir a seguridade da poboación diante da alarma social provocada pola gravidade das declaracións do conselleiro delegado de ENCE nas que alerta sobre a situación das instalacións da empresa en Lourizán, sobre os riscos medioambientais e para as persoas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O conselleiro delegado da empresa ENCE afirmou nun vídeo que na fábrica de Pontevedra “con esa caldeira de recuperación inestable podemos ter un susto en calquera momento, que pode afectar ademais ás persoas”.

Estas palabras foron pronunciadas nun contexto no que estaba a falar da non execución dos investimentos previstos pola empresa no seu Plan estratéxico, o que estaría a provocar un deterioro das instalacións e riscos medioambientais e para as persoas.

O obxectivo último destas graves declaracións era crear un clima de presión diante do goberno central en relación coa tramitación da lei de cambio climático, pois o conselleiro delegado de ENCE reconece que tivo até sete reunións co secretario de Estado para forzar o cambio na redacción do artigo 18 do proxecto de lei, actualmente en trámite parlamentario.

Para o BNG estas declaracións son dunha gravidade extrema. En primeiro lugar pola alarma que xeran a respecto do estado das instalacións da fábrica e os riscos que isto supón para o medio e as persoas. En segundo termo, porque poderían estar poñendo de manifesto a non realización deliberada dos investimentos previstos, o que podería derivar en graves responsabilidades. En terceiro lugar, porque poñen de manifesto unha campaña de presións en todos os ámbitos para forzar a permanencia de ENCE na ría.

O goberno galego non pode permanecer impasíbel diante desta situación: debe dar explicacións á cidadanía e debe facelo coa máxima urxencia, a través dunha comparecencia pública e tamén no parlamento galego. E ademais debe tomar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e do medio, pois foi nada máis e nada menos que o máximo responsábel de ENCE quen alertou sobre os riscos e sustos que pode provocar o deterioro das instalacións da fábrica.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por outra parte, o goberno galego debe ter unha postura de cumprimento estrito da lei e non colaborar na campaña de presións e chantaxes que está a levar a cabo a empresa pasteira para blindar a súa permanencia en Lourizán, mesmo pasando por riba dos procedementos democráticos e da lei.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Pode garantir a Xunta o bo estado das instalacións de ENCE en Lourizán e a ausencia de riscos para o medio e as persoas?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

**Asdo.: Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**M<sup>a</sup> Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Alexandra Fernández Gómez**

**María González Albert**

**M<sup>a</sup> Carme González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2021 10:43:52**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/03/2021 10:44:05**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/03/2021 10:44:13**

**Rosana Pérez Fernández na data 01/03/2021 10:44:23**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 01/03/2021 10:44:33**

**Daniel Pérez López na data 01/03/2021 10:44:45**

**Iria Carreira Pazos na data 01/03/2021 10:44:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2021 10:45:06**

**Daniel Castro García na data 01/03/2021 10:45:14**

**María del Carmen Aira Díaz na data 01/03/2021 10:45:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2021 10:45:33**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/03/2021 10:45:41**

**María González Albert na data 01/03/2021 10:45:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2021 10:45:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2021 10:46:08**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/03/2021 10:46:19**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/03/2021 10:46:28**

**María do Carme González Iglesias na data 01/03/2021 10:46:34**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/03/2021 10:46:40**





## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O 30 de abril de 2020, a Xunta de Galicia puxo en marcha un Plan de Reactivación para o sector cultural fronte os efectos da pandemia.

Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma de España en poñer en aprobar unha folla de ruta deste tipo, con medidas específicas para este ámbito.

Este documento nacía froito dun intenso diálogo con distintos axentes do sector e tiña como principal obxectivo favorecer a actividade cultural e, por conseguinte, manter o emprego.

En total, o investimento realizado pola Xunta de Galicia a través deste Plan superou os 26M€, que posibilitaron realizar máis de 4.500 iniciativas.

O pasado 6 de febreiro, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade mantivo unha reunión de traballo cos presidentes do Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega e da Real Academia Galega de Belas Artes onde se avanzou unha nova inxección de 23M€ no primeiro trimestre do ano para ampliar o alcance do Plan.

Así mesmo, neste encontro, subliñouse a importancia de continuar o proceso de diálogo co sector como base para adaptar as medidas implementadas ao contexto cambiante e ás demandas dos profesionais da cultura.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Polo exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia das medidas postas en marcha para a reactivación do sector cultural?

Santiago de Compostela, 18 de Febreiro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 18:46:51**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 18/02/2021 18:47:01**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 18:47:11**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/02/2021 18:47:22**

**José Luis Ferro Iglesias na data 18/02/2021 18:48:00**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 18/02/2021 18:48:08**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/02/2021 18:48:22**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Para afrontar os retos da cultura galega a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsou a Estratexia da Cultura Galega. Unha folla de ruta ideada como guía para a acción do Goberno galego neste ámbito.

A elaboración deste documento baseouse nun proceso compartido e transparente, que favoreceu a participación de profesionais dos diferentes sectores culturais.

O resultado final foi un documento conformado por 6 liñas e 34 obxectivos estratéxicos. Un texto ambicioso que presenta importantes mudanzas para o sector e que ten como gran obxectivo incidir na transformación das políticas públicas na nosa Comunidade.

Porén, o contexto no que foi pensado e elaborado cambiou radicalmente co inicio da pandemia o que obrigou á Xunta de Galicia a tomar medidas novas adaptadas ás necesidades do sector cultural.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:



Cales foron os avances realizados pola Xunta de Galicia no ámbito da Estratexia da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 18 de Febreiro 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 18:44:24**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 18/02/2021 18:44:34**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 18:44:44**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/02/2021 18:44:58**

**José Luis Ferro Iglesias na data 18/02/2021 18:45:12**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 18/02/2021 18:45:22**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/02/2021 18:45:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** en demanda da creación dun Observatorio do Baile e a Música Tradicional Galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de illamento social e inestabilidade económica provocada pola pandemia do COVID-19 está tendo como consecuencia unha gran crise xeralizada no ámbito da cultura do noso país, que afecta de desigual maneira aos diversos sectores culturais galegos, segundo sexa a súa actividade profesional.

Un dos colectivos máis afectados, pola súa pouca visibilidade profesional, é o dos traballadores e traballadoras da música e o baile tradicional, imprescindible sostén do proxecto vivo de actividades culturais xeradas desde o asociacionismo de base e pezas fundamentais no entramado socioeconómico do sector cultural galego.

A docencia da música e do baile da nosa tradición representa un motor indispensable sen o cal o sector profesionalizado da cultura sería moito menor.

A situación deste sector estudouse no Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza (2006).

Neste traballo recolléronse datos dunha actividade con pouca visualización social pero cun inmenso potencial socioeconómico no sector cultural. O documento, o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

primeiro deste tipo, contabilizou máis de 20.000 estudantes e case 1.400 actividades estudadas, así como 640 profesores entrevistados en case 700 centros de ensino e en preto de 250 concellos; todos eles relacionados coa transmisión do baile e música tradicional.

Realizando unha estimación e adaptándoa ao total de actividades recollidas, o orzamento anual de todas as clases de música tradicional galega situábase en torno a 3 ou 3,5 millóns de euros, dos cales arredor dun 39% eran achegados por subvencións da administración pública, sendo o resto costeado por cotas, actividades e rendemento escénico do aprendido polo alumnado das asociacións.

Unhas cifras que, malia non volveren se recollidas por escrito de forma tan exhaustiva, é sabido que medraron nos últimos anos pola alta incidencia social e cultural que vertebra o mundo asociativo no noso país.

Mais este sector profesional da cultura tradicional caracterízase pola diversidade de profesorado, parte do cal non se atopa nunha situación de traballo regulado ao traballaren de forma puntual para as asociacións culturais.

Trátase, pois, dun sector con grandes debilidades dentro do entramado socioeconómico da cultura galega, e aínda máis na situación condicionada pola pandemia actual, que cómpre analizar con rigor para atendela de forma eficaz e eficiente ad futurum.

De feito, o descoñecemento desta realidade cultural foi explícita por parte do propio goberno galego ao non ser contemplada no Plan de Reactivación para os sectores cultural e turístico proposto pola Xunta de Galiza en 2020.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a atender no inmediato a demanda do sector da música e danza tradicional de actualizar o Libro branco do ensino na música tradicional en Galiza para apoiar e reforzar a transmisión da música e do baile tradicional galego?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2021 09:55:06**

**Daniel Castro García na data 22/02/2021 09:55:10**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/02/2021 09:55:22**



## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do comedor escolar do CEIP Os Tilos de Teo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Os Tilos en Teo conta cun comedor escolar que ata o pasado curso era xestionado pola ANPA deste centro. Non obstante, ante a pandemia da COVID-19 e os protocolos aprobados pola Xunta de Galiza, a ANPA non se ve quen de continuar ofertando o servizo, polo que en agosto de 2020 se lle notifica á Consellería de Educación que o comedor escolar deixaría de estar xestionado pola ANPA e iníciáanse os trámites para solicitar que sexa a Xunta de Galiza quen proporcione este servizo.

Durante meses, non se produciu ningunha resposta da Consellería, obrigando ás familias a asumir custosos servizos de conciliación privados, ou mantendo ás crianzas sen xantar ata ben entrada a tarde. Esta demora administrativa está a situar o servizo nun grave risco pois ao estar a piques de consumarse un ano sen o funcionamento activo do comedor, este poderá considerarse como un comedor inactivo, quedando así eximido da obriga de xestión por parte da Xunta de Galiza.

Só foi no mes de febreiro do presente ano cando se obtén unha resposta, onde se elude esta responsabilidade na xestión e se deriva a outras administracións. Ademais do agravio comparativo que supón a respecto dos outros dous colexios públicos de Teo que si que contan con comedores escolares xestionados pola Xunta de Galiza, esta falta de







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
O coñecemento e a innovación son esenciais para manter e mellorar o benestar social e o crecemento económico. A competitividade e a produtividade do tecido económico depende, case exclusivamente, da cantidade de coñecemento avanzado incorporado pola actividade produtiva e, polo tanto, da súa renovación continua. A investigación en ciencias naturais, sociais e humanas é unha fonte de valores e enriquecemento cultural.

Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e innovación como valor estratéxico e pilar do benestar e do crecemento.

Trátase de aumentar razoablemente o investimento público necesario tanto en ciencia (centros de investigación, universidades e outros axentes do sistema) como en innovación, para alcanzar o investimento medio da UE en I + D + i. Este é un obxectivo mínimo que temos que consensuar entre todos os axentes económicos, sociais e políticos, converxendo tamén na distribución do investimento en I + D + i entre o sector público e o privado.

A Comisión Europea estableceu recentemente un obxectivo para 2030 para que os Estados membros invistan en total, entre público e privado, o 3 % do PIB en I + D + i e que o investimento público represente o 1,25 % do PIB.

Ademais de aumentar os recursos, a Xunta de Galicia debe garantir o cambio xeracional e a atracción e retención de talento, así como garantir o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás Pemes.

O Goberno autonómico debe consolidar unha carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador equivalente á dos países máis avanzados. Que os investigadores dispoñan dos medios materiais e administrativos necesarios dende o principio. Que se dupliquen os recursos públicos actuais para a incorporación e formación do persoal de I + D + I nas empresas.



O Grupo Parlamentario Socialista aposta por poñer en marcha mecanismos que incentiven a participación privada no sistema xeral de innovación, de maneira que o seu gasto avance cara a alcanzar o 1,5 % do PIB.

Por iso, reclamamos á Xunta que incremente a porcentaxe de investimento en I+D+i, co fin de pasar do 0,98 % actual ata o 1,5 % do PIB nos vindeiros dous orzamentos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai incrementar o Goberno galego a porcentaxe de investimento en I+D+i ata o 1,5 % do PIB galego nos vindeiros dous orzamentos?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 23/02/2021 17:37:46**

**Martín Seco García na data 23/02/2021 17:38:09**



## Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No municipio de Pontevedra hai 10 escolas unitarias, situadas nas diferentes parroquias, que contan cunha media de alumnos inferior ás escolas sitas no casco urbano o que supón no momento de pandemia que vivimos, unha gran vantaxe en termos de seguridade sanitaria para eses alumnos/as.

Por outra banda, esta media de alumnos, inferior ao de 25 nenas/os por aula que se mantén na área urbana, permite que o modelo pedagóxico utilizado sexa máis participativo, e próximo. E a radicación nas parroquias fai de elemento dinamizador, xerando a interacción entre o alumnado, as familias, e as persoas da contorna, ademais da apertura ao medio e a natureza.

O medio rural é rico en recursos, e isto supón unha gran fonte de aprendizaxe xa que as escolas non se reducen ás aulas.

Na parroquia de Verducido, existe unha escola de infantil e primaria, esta última aberta dende o ano 1964, que vén contando cunha media de entre 25 e 40 alumnos.

É unha escola que conta con aulas grandes, 3 patios e está situada nunha contorna que favorece a interacción do alumnado coa natureza e o entorno rural no que viven.

Derivado desta proximidade, non conta con servizo de comedor nin autobús, polo que o coste de manter esta escola aberta redúcese respecto a outras. A pesares disto, o curso 19/20 a Xunta cerrou unha das aulas de infantil que contaba con 18 alumnos.

O modelo educativo que se segue nesta escola é inclusivo e diverso, as súas dimensións e o entorno fan que dende hai anos se leve a cabo neste centro un proxecto innovador, no que se utilizan metodoloxías novas e pioneiras na nosa contorna. Isto fixo que levase máis dunha ducia de premios e recoñecementos a nivel educativo, e que colaborase na coordinación de varios proxectos en colaboración con escolas finlandesas.



Este curso teñen como proxecto iniciar unha colaboración activa coa escola O Pelouro de Caldelas de Tui, cuxo modelo psico-socio-pedagóxico, que aposta por unha integración saudable, fai que sexa unha escola de referencia a nivel estatal.

A pesares de todo isto, a Consellería de Educación no mes de setembro, uns días antes do inicio do curso, decidiu pechar a aula de primaria deste centro, e reubicou para este curso 20/21, aos nenos e nenas nunha escola sita noutra parroquia.

Os pais e nais destes alumnos recorreron esta decisión arbitraria ante o xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, que o 13 de novembro de 2020, fallou a favor das familias considerando que a actuación da consellaría, pechando a aula de primaria con catro nenas xa matriculadas, foi incompatible co dereito fundamental á educación, e obriga á Xunta a reabrir a unidade de primaria na escola de Verducido, en Pontevedra.

Así mesmo, a sentenza forzaba á Administración educativa a dotar o centro dos medios necesarios, nun prazo de dez días, para que as nenas puidesen recibir durante este curso educación primaria na escola rural de Verducido.

As familias afectadas, renunciaron á volta das súas fillas a esta escola durante este curso, por razóns de sentido común, xa que levaban xa 3 meses cursando estudos noutro centro. Pero defenden a apertura para o próximo curso desta aula, para seguir mantendo viva unha escola que leva aberta dende 1964 e emprazan á Administración a ter en conta o maltrato causado a todo o alumnado da escola de Verducido, non só aos de primaria, pois toda a escola viviu esta situación como unha arbitrariedade, incluso os alumnos de infantil, que se viron privados de irmás, amigos e compañeiros de forma inxusta.

Por outra banda, entendemos que a Xunta ten a obriga de facer un esforzo para ofertar aos nenos e nenas do rural a mellor educación posible, dende a igualdade de oportunidades, apostando e apoiando ás familias que decidiron vivir no rural, conseguindo así enraizar á poboación sen que se vexan obrigadas en ningún momento a renunciar a unha educación pública de calidade.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego implantar novamente a aula de primaria, dotando o centro dos medios necesarios para que as nenas e nenos que o desexen poidan recibir durante o curso 21/22 educación primaria na escola rural de Verducido?





Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 23/02/2021 18:08:05**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2021 18:08:15**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2021 18:08:27**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia ten o seu marco legal no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que desenvolve o Decreto.

O artigo 2 do Decreto 120/1998 crea os equipos de orientación específicos, que abranguen no seu plan de actuación os institutos de educación secundaria, as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, os colexios de educación primaria e os colexios de educación especial.

No artigo 5 d) do mesmo Decreto establécese que dentro da composición dos equipos de orientación específicos formará parte un traballador ou unha traballadora social e/ou educador ou educadora social, que ten as funcións que se establecen no artigo 22 da Orde do 24 de xullo de 1998, orientada a realizar accións de intervención socio-educativa cos alumnos que presenten problemas ou dificultades de integración escolar e social.

Resulta, polo tanto, evidente a importancia que á participación destes profesionais lle concede a Administración educativa na orientación educativa e profesional, importancia que non se ve acompañada en realidade das actuacións concretas como proba o feito de que estean vacantes estas especialidades nos equipos de orientación específicos da Coruña e Pontevedra.

Atopámonos ante un servizo educativo, o de orientación educativa e profesional, regulado dende hai 23 anos e que ten contribuído, sen dúbida, á mellora do sistema educativo galego pero que non foi modificado substancialmente nese longo período de tempo, pero que si admite espazos de mellora, para o que pode resultar moi pertinente experimentar na súa ampliación.

No sentido anterior e como sabemos, a experimentación no ámbito educativo consiste, basicamente, en efectuar intervencións educativas alternativas no





sistema coa clara finalidade de mellorar a práctica educativa. Esa intervención debe sempre estar sometida a un control rigoroso construído sobre criterios de investigación e avaliación. Existe un consenso absoluto en que a experimentación educativa contribúe á calidade e mellora educativas.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia teñen manifestado a conveniencia de incrementar a participación destes profesionais nos servizos de orientación educativa e profesional, considerando que a súa formación académica e capacitación profesional supón unha cualificación idónea para prestar unha axuda técnica a nivel educativo, xa que o medio escolar é onde primeiro se poden detectar problemas familiares e sociais, constituíndo os centros educativos unha institución idónea a nivel de detección e prevención.

Segundo este colexio oficial, a participación das persoas traballadoras sociais nos centros educativos abrangue ámbitos tan relevantes como:

- a) Colaborar na prevención e detección de indicadores de risco que puideran xerar inadaptación social e escolar.
- b) Participar na elaboración de programas para dar resposta ás necesidades sociais do alumnado e das súas familias.
- c) Detectar situacións de risco, como malos tratos infantís, abusos sexuais, problemas emocionais ou problemáticas sociofamiliares.
- d) Facilitar a incorporación de alumnado migrante ou pertencente a minorías.
- e) Diminuír o risco de fracaso e abandono escolar, ou
- f) Potenciar a coordinación das distintas entidades e organismos dos ámbitos sanitarios, de servizos sociais e educativos.

O certo é que a proposta que se realiza conta con precedentes no Estado español, por exemplo na Comunidade Autónoma de Canarias. En setembro do ano 2017 asinouse un convenio de colaboración entre a *Consejería de Educación y Universidades* do Goberno de Canarias e o *Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias* (CEESCAN), para a mellora do sistema educativo y da educación social. Este convenio recoñece que a Educación Social é unha das claves para potenciar o desenvolvemento social, educativo e político dos nenos e nenas e a xuventude, desenvolvendo e expondo desde o centro educativo, propostas de mediación familiar, resolución de conflitos, redución do absentismo escolar, fomento da convivencia, prevención do acoso escolar, atención á diversidade e desenvolvemento comunitario e participado.





En definitiva, a petición que traslada o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia conta con precedentes de implantación no Estado, polo que resulta oportuno coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a demanda que traslada este colectivo profesional.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que o colectivo de traballadores sociais pode contribuír á mellora do servizo de orientación educativa e profesional ampliando a súa presenza na rede de orientación existente?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2021 19:37:25**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2021 19:37:39**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia ten o seu marco legal no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que desenvolve o Decreto.

O artigo 2 do Decreto 120/1998 crea os equipos de orientación específicos, que abranguen no seu plan de actuación os institutos de educación secundaria, as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria, os colexios de educación primaria e os colexios de educación especial.

No artigo 5 d) do mesmo Decreto establécese que dentro da composición dos equipos de orientación específicos formará parte un traballador ou unha traballadora social e/ou educador ou educadora social, que ten as funcións que se establecen no artigo 22 da Orde do 24 de xullo de 1998, orientada a realizar accións de intervención socio-educativa cos alumnos que presenten problemas ou dificultades de integración escolar e social.

Resulta, polo tanto, evidente a importancia que á participación destes profesionais lle concede a Administración educativa na orientación educativa e profesional, importancia que non se ve acompañada en realidade das actuacións concretas como proba o feito de que estean vacantes estas especialidades nos equipos de orientación específicos da Coruña e Pontevedra.

Atopámonos ante un servizo educativo, o de orientación educativa e profesional, regulado dende hai 23 anos e que ten contribuído, sen dúbida, á mellora do sistema educativo galego pero que non foi modificado substancialmente nese longo período de tempo, pero que si admite espazos de mellora, para o que pode resultar moi pertinente experimentar na súa ampliación.

No sentido anterior e como sabemos, a experimentación no ámbito educativo consiste, basicamente, en efectuar intervencións educativas alternativas no



sistema coa clara finalidade de mellorar a práctica educativa. Esa intervención debe sempre estar sometida a un control rigoroso construído sobre criterios de investigación e avaliación. Existe un consenso absoluto en que a experimentación educativa contribúe á calidade e mellora educativas.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia teñen manifestado a conveniencia de incrementar a participación destes profesionais nos servizos de orientación educativa e profesional, considerando que a súa formación académica e capacitación profesional supón unha cualificación idónea para prestar unha axuda técnica a nivel educativo, xa que o medio escolar é onde primeiro se poden detectar problemas familiares e sociais, constituíndo os centros educativos unha institución idónea a nivel de detección e prevención.

Segundo este colexio oficial, a participación das persoas traballadoras sociais nos centros educativos abrangue ámbitos tan relevantes como:

- a) Colaborar na prevención e detección de indicadores de risco que puideran xerar inadaptación social e escolar.
- b) Participar na elaboración de programas para dar resposta ás necesidades sociais do alumnado e das súas familias.
- c) Detectar situacións de risco, como malos tratos infantís, abusos sexuais, problemas emocionais ou problemáticas sociofamiliares.
- d) Facilitar a incorporación de alumnado migrante ou pertencente a minorías.
- e) Diminuír o risco de fracaso e abandono escolar, ou
- f) Potenciar a coordinación das distintas entidades e organismos dos ámbitos sanitarios, de servizos sociais e educativos.

O certo é que a proposta que se realiza conta con precedentes no Estado español, por exemplo na Comunidade Autónoma de Canarias. En setembro do ano 2017 asinouse un convenio de colaboración entre a *Consejería de Educación y Universidades* do Goberno de Canarias e o *Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias* (CEESCAN), para a mellora do sistema educativo y da educación social. Este convenio recoñece que a Educación Social é unha das claves para potenciar o desenvolvemento social, educativo e político dos nenos e nenas e a xuventude, desenvolvendo e expondo desde o centro educativo, propostas de mediación familiar, resolución de conflitos, redución do absentismo escolar, fomento da convivencia, prevención do acoso escolar, atención á diversidade e desenvolvemento comunitario e participado.



En definitiva, a petición que traslada o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia conta con precedentes de implantación no Estado, polo que resulta oportuno coñecer as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre a demanda que traslada este colectivo profesional.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Valora o Goberno galego a posibilidade de levar a cabo un proxecto de experimentación educativa asinando un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que permita a participación deste colectivo da rede de orientación escolar?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2021 19:38:16**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2021 19:38:29**



## Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Salceda de Caselas é o municipio de Galicia que presenta nos últimos anos un maior índice de crecemento demográfico.

Na actualidade hai ao redor de 2.000 menores, dos cales sobre 1.200 teñen idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

Existen dúas escolas de educación primaria, o CEIP Altamira e o CRA Raíña Aragonta, que son claramente insuficientes para absorber esta demanda.

En concreto en relación co servizo de comedor, no ano 2010 púxose en marcha no CEIP Altamira, pero este era insuficiente para asumir a demanda de nenos e nenas das dúas escolas antes referidas.

No ano 2018, despois de varias iniciativas do Grupo Socialista e da presión social exercida, o Goberno da Xunta de Galicia, colocou uns contedores de obra, como solución provisional para prestar este servizo.

Tres anos despois, con máis de 100 nenos e nenas usuarios de comedor deste centro, seguen a utilizar estes contedores de obra para presentar o servizo de comedor, no que entendemos é un claro desleixo por parte da Administración.

Dende o PSdeG entendemos que non revisten as condicións de salubridade, e non dan resposta á necesidade existente, por iso como xa fixemos noutras ocasións volvemos a solicitar á Xunta de Galicia que neste ano 2021, se leve a cabo a creación dun espazo digno para comedor escolar.

O Grupo Parlamentario Socialista leva anos insistindo neste tema, o Goberno do PP fai caso omiso e non atende estas reivindicacións tan necesarias e que reverterían no beneficio de todos os nenos e nenas deste municipio, garantindo o dereito que teñen ao acceso a unha educación pública digna e de calidade.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego levar a cabo para o curso 21-22, algunha actuación neste centro co fin de construír unha zona de comedor que cumpra coas esixencias mínimas que require unha atención de calidade ao alumnado?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 24/02/2021 12:17:01**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/02/2021 12:17:11**

**Noa Susana Díaz Varela na data 24/02/2021 12:17:24**



## Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 27-08-2020, o Goberno e as comunidades autónomas, reunidas nunha conferencia multisectorial sobre educación e sanidade, publicaron o documento denominado **DECLARACIÓN DE ACCIÓNS COORDINADAS EN SAÚDE PÚBLICA CONTRA A COVID-19 PARA CENTROS EDUCATIVOS DURANTE O CURSO 2020-21**, entre outras disposicións, establece os grupos de convivencia estable, como alternativa ideal para organizar os diferentes cursos de infantil e primaria (debido á maior dificultade para manter a distancia interpersoal nestas idades) e recomenda que estes grupos teñan un número reducido de alumnos: “Donde os nenos e as nenas máis novas teñen maiores dificultades para cumprir a distancia e, á súa vez, teñen unha necesidade de maior interacción e proximidade no coidado do cumprimento dos obxectivos educativos e do seu adecuado desenvolvemento, a mellor alternativa é o establecemento de grupos convivencia estable. Estes grupos estarán formados por un pequeno número de alumnos e un titor de referencia ”.

A pesar destas directrices a Xunta de Galicia, actuou de forma contraria ao recomendado, e o acontecido no CEIP Barcelos de Pontevedra, é un claro exemplo.

Dende hai moitos anos, o CEIP Barcelos de Pontevedra contaba na súa aula de 4º de educación infantil cunha matrícula de algo máis de 25 alumnos, e as ensinanzas neste centro organizáronse sempre en dous grupos diferentes (aula e profesor).

No mes de setembro, días antes do inicio do curso por parte da Inspección Educativa, comunícase ao colexio a intención de suprimir unha clase de infantil de 4º para o curso 2020/2021, xustificando que había 19 alumnos matriculados neste curso, e a intención era centralalos nunha soa aula.

Tras este aviso formalizáronse 4 matrículas máis, sendo na actualidade 23 alumnos/as os matriculados en 4º de Educación Infantil. Pero a pesar disto, e das manifestacións e peticións dos pais e nais dos alumnos e alumnas, a Xunta de Galicia non revocou a súa decisión, e mantén durante este curso por primeira vez unha única aula de 4º de educación infantil.





O Grupo Socialista rexistrou unha iniciativa na que se instaba ao Goberno da Xunta a revocar esta decisión por entendela totalmente desaxeitada, dadas as actuais circunstancias sanitarias e os correspondentes medios e instalacións xa existentes, precisamente neste curso entendiamos que era máis necesario que nunca, manter a planificación grupal dos anos anterior e non aumentar a ratio, actuando da forma contraria ao que recomendan as autoridades sanitarias e a OMS.

A partires do mes de marzo, iníciase a planificación do próximo curso 2021-2022, polo que dende o Grupo Socialista, solicitamos ao Goberno da Xunta que reconsidere esta decisión e volva a dividir este curso de 4º de infantil en dúas aulas con dous profesores, xa que por sorte este colexio conta cunhas instalacións amplas e suficientes para poder desenvolver as actividades de forma axeitada, e porque isto xa se viña facendo todos os anos anteriores, sendo moito máis beneficioso non só para garantir a distancia sanitaria e a seguridade ao ter menos nenos en cada aula senón tamén porque ao diminuír a ratio de alumnos e alumnas por profesor mellora notablemente a calidade da ensinanza.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego reconsiderar a súa decisión e reestablecer a segunda aula de educación infantil do CEIP Barcelos en Pontevedra, continuando no curso 2021/22 en dous grupos diferentes todas as actividades educativas correspondientes?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 24/02/2021 13:23:00**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/02/2021 13:23:10**

**Noa Susana Díaz Varela na data 24/02/2021 13:23:26**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre os fondos europeos para paliar as consecuencias da covid.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o comezo da lexislatura o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego insistiu na importancia de que Galiza contase cunha posición forte, consensuada, dialogada e transparente diante da carreira pola obtención de fondos europeos ao seren unha opción para o financiamento de políticas de resposta ás necesidades da pandemia da covid-19 e de resposta ás debilidades estruturais do noso sistema socioeconómico, previas ao coronavirus.

Porén, a actitude do grupo maioritario na Cámara foi, na liña da Xunta de Galiza, a de obstaculizar a saída adiante de calquera iniciativa ao respecto, tanto de transparencia como da formulación dalgún tipo de acordo de país. Esta obstaculización evidenciouse tamén a través de varias mostras do escaso peso político da Xunta de Galiza, incapaz de evitar a centralización das decisións do Estado, ata o punto de nin sequera incorporar a demanda dunha xestión descentralizada e respectuosa coas competencias galegas nas sucesivas reunións, como a de Feijoo e Sánchez do pasado 29 de xaneiro de 2021. É necesario e urxente que Galiza teña unha posición proactiva sobre





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cales son as medidas necesarias para corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza.

Así mesmo, é necesario corrixir a falta de transparencia e rendición de contas pois até o momento o noso país e os axentes sociais e económicos asisten como convidados de pedra a unha cerimonia da confusión e do anuncio permanente. Entre outros, podemos sinalar, por exemplo, como o 17 de outubro anunciaban sete proxectos por 3.200 millóns de euros e 18.000 empregos; o 22 de outubro os proxectos multiplicáronse até 108 por valor de 9.400 millóns. Máis adiante, o 29 de xaneiro, após a reunión con Pedro Sánchez, transcendía exclusivamente a presentación de cinco proxectos, non coincidentes cos cinco sinalados no inicio deste proceso. E así, un continuo suma e segue de anuncios e confusión.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a defender a Xunta de Galiza para evitar que Galiza saia perdendo no debate dos fondos europeos para a reconstrución?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2021

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/02/2021 16:08:34**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 24/02/2021 16:08:37**

**Daniel Pérez López na data 24/02/2021 16:08:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos *Next Generation* para a reactivación e impulso da cultura galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do segundo semestre de 2020 o Consello da Cultura Galega publicou dous informes -o Barómetro da cultura galega I e a Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2020- que radiografaron o estado das axentes e sectores culturais galegos dende que empezou a crise do coronavirus.

As conclusións destes informes reclaman da atención urxente do goberno galego, porque a cultura tamén representa cifras que debemos colocar no punto de mira das gravosas consecuencias da pandemia, ao mesmo nivel doutros sectores produtivos, económicos e de emprego que a secuencia das diferentes vagas epidemiolóxicas contribuíron a agudizar desde hai case un ano.

Os problemas que veñen afrontando os sectores culturais son múltiples: o cesamento ou caída da actividade e o conseguinte descenso na demanda; o problema de tesouraría; a dificultade para pagar impostos e seguros sociais; os





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

problemas cos provedores e de distribución e os de financiamento; as limitacións de aforo, a inseguridade xurídica e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene, entre outras.

Unhas dificultades herdadas dun contexto previo precario que confirman que os sectores culturais sufrirán un impacto máis severo que o conxunto da economía.

Na actualidade, cun marco de mobilidade novamente restrinxido coa implantación dos peches perimetrais, o sector cultural continúa a afondar na problemática herdada desde o mes de marzo ao se enfrontar a unha nova parálise absoluta.

Nesta altura de incerteza e inseguridade por causa do contexto epidemiolóxico por covid, son moitos os interrogantes que se sosteñen ou renacen inviabilizando calquera proposta alternativa no curto prazo.

Rematado co 2020 o tempo de actuación do Plan de reactivación dos sectores culturais e turísticos, presentado pola Xunta de Galiza no mes de maio, descoñecemos, a piques de entrar xa no límite do primeiro trimestre, cales son os investimentos extraordinarios que o goberno destinará á cultura galega a partir dos fondos extraordinarios europeos.

O *Dossier Next Generation Galicia* entregado polo goberno á Comisión de reactivación económica, social e cultural non explicita un proxecto propiamente dirixido á reactivación e impulso dos sectores culturais galegos, pois apenas fai mención dunha redacción inconcreta referida aos seguintes proxectos do Eixo 3:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“Estratexia de dixitalización de contidos e produtos culturais galegos, desenvolvemento de canais de creación e difusión culturais, con atención a novos creadores e formatos emerxentes, ademais de un programa de bens patrimoniais sustentables”.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten mantido o goberno xuntanzas de traballo cos representantes dos sectores culturais galegos para establecer un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos *Next Generation*?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 24/02/2021 18:12:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/02/2021 18:12:51**

**Daniel Castro García na data 24/02/2021 18:12:57**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Actualmente en Galicia vivimos nun contexto de pandemia mundial, atravesando a chamada terceira onda do coronavirus a Covid-19.

Entre moitos dos sectores afectados, destaca o grupo poboacional de persoas maiores, en primeiro lugar polo evidente risco para a súa saúde tendo en conta que ofrecen unha vulnerabilidade maior ante o virus, e tamén pola soidade non desexada acrecentada polas restricións derivadas da loita na contención do virus. Pero ademais existen consecuencias derivadas deste contexto que acrecentaron as deficiencias xa existentes antes da pandemia pero que agora se agravaron, e unha de elas é a barreira dixital que impide que as persoas maiores poidan ter a autonomía suficiente na súa vida diaria. Unha das necesidades básicas de toda persoa é o acceso ás xestións básicas que se precisa para autoxestionar a propia economía, normalmente directamente relacionada aos procesos e xestións bancarias. O proceso de dixitalización da propia sociedade vai moi rápido para permitir o correcto proceso de transición e adaptación das persoas maiores a estes cambios.

Por todo isto é preciso que dende a Administración autonómica se teña en conta esta situación para facilitar o proceso de mediación entre as entidades bancarias e os usuarios máis vulnerables, neste caso os maiores. Colaborar de xeito coordinado para facilitar ás persoas maiores ou con limitacións cognitivas ou discapacidade a accesibilidade cognitiva que precisan para poder adaptarse ao avance dixital nun contexto de pandemia.

O Capítulo VII da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, titulado Envellecemento activo e saudable, cita textualmente:

- 1. As administracións públicas de Galicia integrarán o envellecemento saudable en todas as súas políticas, coa finalidade de potenciar o benestar físico, social e mental das persoas durante o curso da súa vida, especialmente na vellez.*
- 2. Así mesmo, promoverán a participación das persoas maiores na sociedade de acordo coas súas necesidades, expectativas e capacidades, favorecendo a súa*





*autonomía persoal, á vez que lles proporcionarán a protección, seguridade e coidados axeitados.*

Por todo elo é preciso concretar un plan de acción concreto que blinde os dereitos das persoas maiores e garanta as necesidades básicas da vida diaria. É urxente que a propia administración competente na materia leve a cabo un proceso de intermediación entre as entidades bancarias e os usuarios mais vulnerables e afectados polas restricións e o incremento aínda maior da dixitalización das xestións cotiás neste ámbito.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que medidas ten aprobadas a Xunta de Galicia para garantir a accesibilidade dixital bancaria das persoas vulnerables, particularmente das persoas maiores ou con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 24/02/2021 17:34:29**

**Julio Torrado Quintela na data 24/02/2021 17:34:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego para corrixir a situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Rexistro Único de Demandantes de Vivenda resulta un excelente indicador, entre outras cuestións, para coñecer a situación da demanda de vivenda pública e para saber cal é a capacidade e o grao de resposta das políticas e dos plans de vivenda públicos.

Cando en febreiro de 2015 o Consello da Xunta aproba o Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, no documento elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo recóllese, precisamente, como un dos cinco problemas principais o elevado número de persoas que se atopaban inscritas no Rexistro Único de Demandantes. Este informe alerta de que a finais de 2014, no momento de elaboración do plan, hai máis de 15.000 persoas inscritas, unha cifra que tan só recolle a cantidade de unidades familiares e que, por tanto, o número de persoas reais que agardan por vivenda pública ascende en torno ás 50.000.

Esta elevada cifra provoca unha situación de colapso, pois son moitas as familias que a pesar de cumpriren coas condicións esixidas nas bases reguladoras de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

adxudicación, e de estaren inscritas neste Rexistro, non chegan a acceder nunca a estas vivendas. É practicamente unha lotaría optar a esta vivenda, en lugar dun dereito garantido.

O Plan de Vivenda de 2015, mencionado anteriormente, fíxase como obxectivo dar resposta a este elevado número de demandantes, que ben polos seus baixos ingresos ou ben pola súa incapacidade de aforro, non poden acceder á vivenda libre. Para iso, propón impulsar distintos programas como aumentar o número da vivendas protexidas, facilitar o acceso ao financiamento ou un programa de axudas que posibiliten o acceso en aluguer con rendas asumibles.

Pasados os cinco anos de aplicación e vixencia do Plan Rehavita, o número de inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda continúa asentado na mesma cifra, no entorno dos 15.000 demandantes. Por tanto, tras cinco anos de políticas, supostamente orientadas a dar resposta ao “colapso” do Rexistro de Demandantes, a situación segue sendo de bloqueo.

Parece lóxico e necesario, neste momento no que se está perfilando un novo plan de vivenda por parte do Goberno galego, que se faga unha avaliación dos motivos polos que fracasaron as políticas programadas e corrixir ou deseñar novas políticas que consigan dar resposta ao elevado número de demandantes de vivenda.

Unha das razóns polas que o anterior Plan era insuficiente é a falta de indicadores e obxectivos cuantificables. No relativo ao Rexistro Único de Demandantes de Vivenda o anterior plan de vivenda marcábase como obxectivo a redución de demandantes, pero sen concretar unha cifra concreta. Así, o conxunto do Plan aseméllase máis a un documento xeral e abstracto do que a unha guía concreta e mesurable das políticas de vivenda da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Co obxectivo de corrixir todas estas carencias, dende o BNG entendemos que é fundamental establecer os seguintes pasos: en primeiro lugar, avaliar o nivel de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e os seus motivos; en segundo lugar, elaborar un plan e medidas específicas orientadas a resolver esta situación, fixando obxectivos concretos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a avaliación que fai o Goberno galego da actual situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de vivenda e que medidas vai tomar para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/02/2021 09:45:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 09:45:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patrimonio marítimo galego é moi rico e variado. Así se plasma no DECRETO 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

No concello de Poio o Club Mariño A Reiboa vén traballando dende hai máis de 20 anos na defensa, conservación e promoción deste patrimonio, recollendo a testemuña doutras entidades e particulares que o facían dende fai máis de 25 anos.

O CM A Reiboa forma parte, desde a súa fundación, de Culturmar, Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que agrupa a máis de 40 asociacións de toda Galiza que defenden e promoven o patrimonio marítimo e fluvial galego

A construción, por Portos de Galiza, no ano 2011 dun pantalán exclusivo para embarcacións tradicionais, que foi cedido ao CM A Reiboa, foi un pulo importante para estas actividades de difusión da cultura marítima galega e de Poio en particular. Neste pantalán amárranse as embarcacións do club así como as dos seus socios, podéndose contemplar no mesmo 5 tipoloxías distintas de embarcacións galegas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este pantalán no porto da Chousa foi o primeiro destas características construído por Portos de Galiza e xermolo do que hoxe se da en chamar Mariñas Tradicionais, un proxecto a nivel galego e no que participa Culturmar e varias asociacións que conforman dito colectivo.

As actividades desenvolvidas polo CM A Reiboa a prol da salvagarda do noso patrimonio marítimo son moitas e variadas, desde cursos de navegación tradicional, iniciación ao nautismo, recuperación patrimonial,... O ano 2017 supuxo un novo fito para o CM A Reiboa ao ser o primeiro membro de Culturmar en repetir a organización do Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza en Combarro, tal e como se fixera xa na V edición do Encontro no 2001

Entre as moitas actividades realizadas cada ano, cabe destacar a organización da Concentración de Embarcacións Tradicionais, que no ano 2020 tería cumprida a súa vixésimo quinta edición (adiada para o 2021 por mor da pandemia do COVID). Esta concentración é das que máis embarcacións reúne na costa galega, xuntando máis de 40 embarcacións e 200 tripulantes procedentes de toda Galiza, na que sempre hai, ademais, barcos procedentes de Portugal ou País Basco.

Así e todo, hai unha actividade nova na divulgación da navegación tradicional, da que o CM A Reiboa formou parte desde a súa xénese, o proxecto "Sentir o mar", no que o CM A Reiboa xunto con outras entidades achega a vela tradicional ás persoas con diversidade funcional. Para este proxecto o CM A Reiboa construíu unha rampla de acceso aos barcos para as cadeiras de rodas, e fixo as adaptacións oportunas nun dos seus barcos para permitir a navegación de persoas con visión limitada ou nula.

No 2017, na renovación da autorización de ocupación do pantalán, o CM A Reiboa atopou unha modificación respecto ás autorizacións anteriores. O ente público





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portos de Galiza impuxo unha condición particular á autorización, na que obriga ao pago dunha taxa que até eses momento non viña facendo efectiva, a denominada X5. Esta taxa supón unha mingua importante nas contas do CM A Reiboia, que é unha entidade sen ánimo de lucro, e na que a principal achega económica é a das cotas dos socios. Esta diminución económica podería por en perigo o desenvolvemento das actividades do club, mesmo podería ser causa de que non fose sostible o mantemento do pantalán e se tivese que renunciar á súa utilización, coa conseguinte perda para o concello de Poio en termos de patrimonio e visibilidade.

Na actualidade estase renovando a autorización de ocupación do pantalán da Chousa, sen que se coñezan as condicións particulares desta renovación.

Unha das maiores dificultades con que se atopa a flota tradicional galega, xa non só a de Poio, é a falta de desenvolvemento do D52/2019, en particular a posta en marcha do órgano de xestión das medidas de salvagarda do mesmo, xa que este órgano sería o encargado de definir que embarcacións son tradicionais. Mentres non se desenvolve este órgano de xestión, non se realiza o censo de embarcacións tradicionais nin tampouco hai ditames sobre se unha embarcación é tradicional ou non. Isto provoca que Portos de Galiza non tome as medidas contempladas para estas embarcacións.

En tanto que non se aprobe este censo, e con carácter transitorio, a Federación galega de Cultura Marítima e Fluvial Culturmar propón que se empregue o censo de embarcacións tradicionais de Culturmar para a aplicación de bonificacións.

Co obxecto de contribuír a dar resposta a estas demandas, o Pleno do concello de Poio aprobou un acordo unánime o pasado mes de decembro.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten a Xunta para potenciar as mariñas tradicionais e facilitar o labor das asociacións que forman parte da Federación Culturmar?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Rosana Pérez Fernández**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 10:18:04**

**Rosana Pérez Fernández na data 25/02/2021 10:18:08**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/02/2021 10:18:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ocupación dos terreos da Xunqueira de Alba no concello de Pontevedra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunqueira de Lérez (tamén coñecida como Xunqueira de Alba) existen varios terreos en dominio público marítimo terrestre con concesións de Costas, con unha superficie aproximada de 17 hectáreas (171.000 m<sup>2</sup>), das que son beneficiarias ou usuarias varias administracións:

- A Deputación Provincial coa concesión dos terreos para a Imprenta Provincial e para o Parque de Maquinaria.
- A Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para naves de diversos servizos e almacén de maquinaria e vehículos.
- A Dirección Xeral de Costas con diversas dependencias en edificios situados á beira da Avenida de Domingo Fontán e terreos circundantes. Ademais, dispón dunha parcela na que antigamente existiu un campo de fútbol construído pola Deputación.
- A Dirección Xeral de Tráfico con edificacións e espazos colindantes para probas do carné de conducir.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As administracións deben dar exemplo no relativo ao respecto ao medio ambiente e á recuperación de espazos de dominio público, seguindo o criterio de que non deben estar nesta ubicación as instalacións que non estean relacionadas co dominio público marítimo terrestre e que poidan trasladarse a outro emprazamento. A Xunta de Galiza, e nomeadamente a consellaría de medio ambiente deben predicar co exemplo, renunciando á ampliación do prazo de concesión e iniciando os trámites para trasladar os equipamentos e infraestruturas que actualmente se ubican na Xunqueira de Lérez.

Por parte da Deputación anunciouse a intención de abandonar este emprazamento e trasladar as instalacións do parque de maquinaria e da imprenta a outra ubicación. Desde o BNG entendemos que as demais administracións deberían seguir o mesmo camiño, e que tanto a Dirección Xeral de Costas como o departamento de Medio Ambiente da Xunta deberían liderar este proceso.

Cómpre ter en conta que a Xunqueira de Alba conforma un Espazo Natural de Interese Local con 480.000 m<sup>2</sup> de extensión, promovido polo concello de Pontevedra e declarado en 2012 pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galiza. E que os terreos ocupados polas citadas concesións, unha vez liberados das mesmas, permitirían crear unha gran zona verde arborada de grande interese desde o punto de vista ambiental e con potenciais usos recreativos e de lecer.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o Goberno galego en canto ao traslado das instalacións situadas en dominio público na Xunqueira de Alba a outro emprazamento?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 15:56:30**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/02/2021 15:56:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a creación do Ente Ferroviario galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 a Xunta de Galiza licitou o contrato de servizos para a elaboración da lei necesaria para a creación do ente ferroviario galego.

Esta proposta, dotada con un orzamento de 180.000 euros, tiña como obxectivo crear o Ente Ferroviario Galego, en desenvolvemento das competencias previstas no artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía. Para iso era necesario elaborar e tramitar un anteproxecto de lei que fixase os fins, funcións, competencias, organización e funcionamento do citado Ente.

Naquela altura, o concurso declarouse deserto porque as dúas ofertas presentadas non enmendaron correctamente a documentación do sobre A. E en lugar de iniciar de novo a tramitación, o goberno galego desbotou a idea de creación do Ente Ferroviario Galego.

Pola contra, a Xunta avalou e apoiou o proceso de desmantelamento da rede ferroviaria convencional, supresión de servizos e peche de estacións que levou a cabo o goberno central a partir do ano 2012. E tamén se amosou condescendente con feito de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que Galiza sexa unha das poucas comunidades do Estado que non conta con servizos ferroviarios de cercanías.

A situación de emerxencia ambiental, e especificamente a emerxencia asociada ao cambio climático, fai que se estean repensando os sistemas de mobilidade e que se establezan novas prioridades arredor da mobilidade sostíbel. Neste escenario, o ferrocarril vai ter un grande protagonismo, e así está a ser visto por moitos países europeos na planificación das infraestruturas e dos sistemas de mobilidade. Ademais da función ambiental, hai que ter en conta tamén a función do ferrocarril convencional e das cercanías na vertebración territorial e na cohesión social.

Resulta pois máis necesario ca nunca abrir o debate sobre a transferencia a Galiza das competencias de xestión da rede ferroviaria interna e do ferrocarril de cercanías. E para iso é imprescindible contar con estudos, proxectos e propostas arredor da viabilidade, utilidade e interese da creación dunha compañía ferroviaria galega, o Galtrén.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Ten previsto a Xunta licitar no presente ano o contrato de servizos para a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación do Ente Ferroviario Galego?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2021 16:11:34**

**Paulo Ríos Santomé na data 25/02/2021 16:11:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas de apoio previstas para o sector dos salóns de peiteado, barberías e estética.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do pasado 17 de febreiro acordouse instar a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21% ao 10%.

Dende o BNG consideramos que esta é unha medida fundamental para garantir a supervivencia dos negocios dese sector e para parar a sangría de peches que se leva producindo dende a aprobación do Real Decreto Lei 20/2012, polo que se incrementou o IVE dos salóns de peiteado, barberías e de estética.

Mais a situación actual de crise pola Covid-19 agravou a situación que xa viñan padecendo estes negocios, e sendo a redución do IVE ao 10% fundamental, resulta necesario poñer en marcha medidas inmediatas de apoio ao sector por parte das distintas administracións.

As restricións que sofren os salóns de peiteado, barberías e estéticas (restricións de horario, reducións de aforos, peches perimetrais, ...), xunto coa minguada capacidade







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

adquisitiva dos usuarios e das usuarias estaos levando a unha drástica mingua na súa facturación e fan que manter as portas abertas sexa un reto.

Os datos son moi preocupantes, durante o ano 2020 tiveron unha redución de arredor dun 50% na súa facturación, pecharon mais do 20% dos salóns do estado, coa conseguinte perda de postos de traballo. De seguir así non sobrevivirán seis meses o 50% dos negocios actuais.

En Galiza hai na actualidade máis de 7.000 negocios que xeran preto de 2.500 empregos directos, un sector que está constituído principalmente por pequenos autónomos, dos que o 85% son mulleres.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o goberno galego que as medidas que tomou garanten a supervivencia dos salóns de peiteado, barberías e estética, aos que a falta de liquidez esta levando ao peche?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 25/02/2021 16:45:17**

**Daniel Pérez López na data 25/02/2021 16:45:25**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/02/2021 16:45:34**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A sentenza 137/2020, do 2 de setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña, declarou a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. Trátase dunha sentenza histórica, a primeira do seu tipo en España, que abre a porta para a recuperación dun ben que foi obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición privilexiada, un ben do que desfrutou máis de tres décadas e do que continuou desfrutando a súa familia ata o presente.

Foi grazas á intervención da Avogacía do Estado que a principios de 2019 se obtivo un documento notarial que permanecía oculto no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña e que desmontou o embuste ideado polo ditador, documento en base ao que o 11 de xullo de 2019 se presentou a demanda de recuperación do ben para o patrimonio do Estado, froito dun gran traballo xurídico da Avogacía do Estado e da firme vontade política do Goberno progresista do Estado”.

Recorrida a resolución xudicial pola familia Franco, a Audiencia Provincial da Coruña (sentenza 60/2021 da Sección Terceira) confirma que a propiedade do inmovible corresponde ao Estado, dando por tanto a razón ao Estado no asunto principal, que era a propiedade, se ben modifica a sentenza de primeira instancia no sentido de establecer unha compensación económica polos gastos feitos pola familia Franco dende a morte do ditador, por considerar, en síntese, que se mantiveron na posesión do pazo sen mala fe, o cal obriga a compensalos polos gastos útiles, ademais de considerar que incluso no caso de que se mantivesen na posesión do pazo concorrendo mala fe, habería que compensalos tamén polos gastos necesarios segundo dispón o artigo 453 do código civil.

Sen entrar a contradicir os argumentos xurídicos e o relato fáctico da sentenza de segunda instancia nun proceso tan novidoso e complexo, cousa que non corresponde a un partido político nin é propia da función parlamentaria, si que debemos demandar que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para defender o interese do Estado neste tema, cousa que, ademais do propio Estado, tecnicamente pode e debe facer da Xunta de Galicia, personada no proceso como



parte coadxuvante adhesiva, particularmente no relativo a impedir na medida do posible calquera pago por parte do Estado á familia Franco.

Por outra banda, unha democracia madura e moderna como a que levamos máis de 40 anos construíndo ten que deixar claro cal debe ser o uso principal do pazo: o estudo, difusión e reivindicación da memoria histórica democrática, sen prexuízo doutros usos –dado que no pazo hai espazo dabondo- pero sen dar pé a operacións de desvirtuación e alixeiramento e confusión do que debe ser o uso principal do pazo, asociado ao feito do modo ilexítimo e fraudulento en que o ditador chegou á súa posesión e ao propio uso do pazo durante toda a ditadura.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego recorrer como parte coadxuvante adhesiva a sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña no relativo á compensación económica á familia Franco polos gastos feitos no Pazo?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/02/2021 17:40:42**

**Paloma Castro Rey na data 25/02/2021 17:40:56**



## Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

Galicia é a comunidade autónoma con máis superficie costeira de España, ademais de que a economía asociada ás nosas costas ten unha enorme importancia, igual que a conservación do noso litoral, que é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade colectiva.

A economía marítimo-alimentaria das nosas costas (marisqueo, acuicultura, conserva, etc) xera unha actividade produtiva dificilmente deslocalizable, intensiva en man de obra en boa medida feminina e na que temos unha vantaxe competitiva evidente, o cal outórgalle un carácter estratéxico que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI, sinaladamente no ámbito da Unión Europea. Así mesmo, o turismo vinculado ás nosas costas ten unha grande importancia que pode medrar no futuro, ademais de que as nosas costas son un patrimonio público que debe ser conservado para as xeracións futuras e subtraído da posibilidade de apropiación particular, sen perder de vista o especial impacto que pode ter o cambio climático nas nosas costas.

Galicia xa ten amplas competencias no ámbito costeiro, desde a promoción económica, a medioambiental, á ordenación do litoral, etc, e nese sentido, entendemos que dentro do reparto de competencias do Estado, ten sentido lóxico e xurídico que sexan exercidas pola Comunidade Autónoma as de xestión do dominio público marítimo terrestre, por razóns funcionais e de proximidade ao territorio e ás súas especificidades.

Os gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterizáronse polo completo abandono sobre as demandas competenciais para Galicia, sen que nos últimos 12 anos fose solicitada ningunha nova transferencia que supuxese a ampliación do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.



O caso que nos ocupa ben merece poñer fin a esa parálise, por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Está disposto o Goberno galego a asumir as competencias de xestión do dominio público marítimo-terrestre como outras CC.AA e dada a importancia das nosas costas?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/02/2021 18:10:42**

**Paloma Castro Rey na data 25/02/2021 18:10:55**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/02/2021 18:11:04**

**Patricia Otero Rodríguez na data 25/02/2021 18:11:15**



## Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 10 de febreiro aprobábase o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, un regulamento que permite culminar o marco normativo para a execución dos fondos de recuperación *Next Generation* – Eu.

O devandito Regulamento define os piares e liñas forza en torno os cales deben ser orientados os proxectos europeos: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial, crecemento intelixente, resiliencia económica, social e institucional e políticas de nova xeración (orientadas especialmente á xuventude).

A maiores este regulamento define uns umbrais mínimos; un 37 % dos fondos deben ir dirixidos a políticas de transformación ecolóxica para acadar os obxectivos de cambio climático definidos na Axenda 2030 no marco dos obxectivos de desenvolvemento sostible definidos pola ONU; un 20 % dos fondos deben ser destinados a políticas de transición dixital; o restante correspondente a cada Estado debe orientarse a obxectivos país.

Da totalidade dos 750.000 millóns que constitúen os fondos *Next Generation*, o Estado español poderá percibir aproximadamente 140.000 millóns, un 18,66 % do total de acordo cos criterios de reparto aprobados no Consello Europeo de xullo de 2020: impacto da pandemia no crecemento económico dos estados, indicadores de desemprego xeral e indicadores de desemprego xuvenil.

Un Consello europeo no que o Goberno español fixo unha boa negociación xa que foi capaz de fixar criterios de distribución dos fondos de acordo co impacto da pandemia nas economías dos países.

Do importe total que lle corresponde ao Estado español, 72 mil millóns de euros concédense en forma de contribucións financeiras non reembolsables e o resto en forma de préstamo.



Os fondos *Next Generation* artículanse en torno a dous instrumentos:

a ) O fondo React- Eu, por importe de 12 mil /millóns de euros, un fondo máis asimilable aos fondos tradicionais na súa execución, e que se establece para dar unha resposta urxente para os efectos ocasionados pola pandemia no sistema sanitario, sistema educativo e na economía (Pemes, autónomos.. ). Do importe total deste fondo, as CC.AA percibirán 10 mil millóns de euros, dos que a Galicia lle corresponden nun primeiro tramo, 441 millóns de euros.

b) Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ( MRR ), por importe de 60 mil millóns de euros, debe ser executado o 70 % antes do final de 2022 e o 30 % restante antes de final de 2023. Estes fondos están ligados a presentación de proxectos capaces de facer máis resiliente a economía, orientados cara á súa transformación de acordo coas liñas marcadas polo Regulamento e demais Instrumentos Comunitarios.

Pois ben, conforme ao Regulamento indicado, a porta de acceso os Fondos Europeos se deberá facer a través do Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, un plan definido a escala estatal que debe incorporar proxectos susceptibles de absorber os fondos e que debe ir acompañado dun plan de investimentos e un plan de reformas; un Plan que ten que ser avaliado pola Comisión, aprobado polo Consello Europeo e fiscalizado internamente no ámbito do Estado e no marco do Semestre europeo.

Respecto á execución dos fondos ás institucións comunitarias deixan liberdade aos países para fixar os criterios de reparto interno. Conforme avanzou o Goberno español o 50 % dos fondos serán executados polas comunidades autónomas e un 10 % aproximadamente polas entidades locais.

A tal efecto, a asignación de fondos farase de modo obxectivo conforme a criterios de concorrencia , para o cal xa os orzamentos do estado para o ano 2021 adiantan a consignación de 27 mil millóns de euros, avanzando a posibilidade de que nun breve prazo de tempo se publiquen as distintas convocatorias a través dos ministerios.

Por outra banda, o Goberno do Estado tamén contempla a posibilidade de asinar convenios marco de carácter sectorial coas comunidades autónomas e cos concellos, para a execución de proxectos de carácter estratéxico no ámbito territorial.





Diante dun contexto que aproxima que nos próximos meses se empezarán a executar os fondos *Next Generation*, ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia preocúpalle a ausencia de folia de ruta da Xunta de Galicia na definición dos proxectos que deben emanar dende o noso país para ser incorporados ao Plan Nacional de Recuperación.

Unha preocupación que se fai máis acentuada cando comprobamos que o Goberno galego está máis centrado en confrontar co Goberno do Estado que en articular unha auténtica posición de país que coadxuve na definición dos mellores proxectos coa participación de todas as forzas políticas con representación no Parlamento galego, dos axentes sociais, da universidade e da Fegamp.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para articular unha posición de país en torno aos proxectos que dende Galicia se deben remitir ao Goberno do Estado para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/02/2021 16:22:04**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/02/2021 16:22:17**



## Á Mesa do Parlamento

**Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno polo trámite urxencia**.

### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada por ter coñecemento cando antes en sede parlamentaria dun tema de actualidade na nosa comunidade.

O pasado 23 de febreiro tivo lugar na Coruña un encontro para abordar o futuro do porto e da cidade na que participaron representantes das administracións municipal, autonómica, provincial e central, ademais da propia Autoridade Portuaria.

Pese a anunciarse desde o Goberno municipal da Coruña como un encontro “histórico” do que saírían solucións de futuro par cuestións tan relevantes como a situación financeira do Porto, a conexión ferroviaria de Punta Langosteira ou a recuperación da fachada marítima da cidade, o Goberno galego amosouse decepcionado polo resultado do encontro.

As razóns esgrimidas para iso pola administración autonómica é que o único que quedou claro foi a falta de compromiso esgrimido polos representantes do Goberno central e que supón, de feito, que os problemas aos que se enfrenta o porto segan sen solución nun prazo de tempo razoable.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

1. Que valoración fai o Goberno galego da xuntanza que se celebrou na Coruña para abordar o futuro do porto?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**Asinado dixitalmente por:**

**Diego Calvo Pouso na data 25/02/2021 14:20:51**

**Carmen María Pomar Tojo na data 25/02/2021 14:21:05**

**Ramón Carballo Páez na data 25/02/2021 14:21:19**

**José Manuel Balseiro Orol na data 25/02/2021 14:21:37**

**María Sol Díaz Mouteira na data 25/02/2021 14:21:48**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 25/02/2021 14:22:28**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 25/02/2021 14:22:45**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Guadalupe Murillo Solís, Borja Vereza Fraiz, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber canto antes en sede parlamentaria a posición nun tema tan importante nestes momentos.

A difícil situación que están a vivir autónomos, pemes e microempresas no noso país derivada das restricións necesarias pola pandemia require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos.

Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos sectores mais afectados. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, o I Plan de Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros, que xa está resolto e pagado en tempo récord e, agora, xa está a disposición II Plan de Rescate por importe de 75 millóns de euros, ampliando os beneficiarios e reducindo os requisitos para acceder ás axudas.

Promovendo a máxima colaboración entre institucións a Xunta ten achegado as Entidades Locais un ofrecemento para asumir a xestión das axudas municipais á hostalería, microempresas e autónomos, integrando a xestión dos importes que as entidades locais desexen poñer a disposición destes sectores, de xeito que se acade a maior simplificación e axilidade para que as axudas cheguen canto antes aos beneficiarios das mesmas.



É polo que, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

¿Que balance fai o Goberno do ofrecemento realizado ás Entidades Locais para asumir por parte da Xunta de Galicia a xestión das axudas municipais á hostalería, micro empresas e autónomos co fin de acadar unha maior simplificación e axilidade destas axudas?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 01/03/2021 16:10:03**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/03/2021 16:10:47**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 01/03/2021 16:11:01**

**Borja Verea Fraiz na data 01/03/2021 16:11:20**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**José Manuel Rey Varela na data 01/03/2021 16:11:35**

**María Sol Díaz Mouteira na data 01/03/2021 16:12:07**

**José Antonio Armada Pérez na data 01/03/2021 16:12:26**

**Ana Belén García Vidal na data 01/03/2021 16:13:02**

**José Alberto Pazos Couñago na data 01/03/2021 16:13:13**

**Noelia Pérez López na data 01/03/2021 16:13:44**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta urxente oral en Pleno**.

### Xustificación da urxencia:

**A urxencia vén motivada pola necesidade que o Goberno galego explique canto antes en sede parlamentaria a súa posición sobre este tema.**

O traballo de moitos historiadores e investigadores do noso país fixo que saíra á luz un dos capítulos máis negros da nosa historia, a Guerra Civil e a Postguerra, pero coma sempre, na maioría destes casos, os feitos e as vítimas teñen cor masculino, quedando na sombra as mulleres.

Os crimes do franquismo non fixeron distinción de xénero, e no noso país miles de mulleres foron represaliadas, perseguidas, escravizadas, violadas, ou asasinadas, por unha dobre condición: ser muller e ter unha ideoloxía diferente.

Polo exposto, a deputada asinante formula a seguinte pregunta:

Vai o Goberno da Xunta a impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/03/2021 16:54:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á mortalidade de moluscos na rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas, e á previsíbel perda de ingresos do sector marisqueiro.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación de emerxencia na que se atopan os bancos marisqueiros das rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas pola elevada mortalidade de moluscos, e pola alarma social diante da previsíbel perda de ingresos do sector marisqueiro.

### Exposición de motivos

A pasada semana varias praias da ría de Arousa e da ría de Pontevedra víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Carril, Vilagarcía, Pontevedra ou Poio quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cruces e Arzúa). Una presa que carece de comportas e funciona cun sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso das praias de Rianxo, a mortalidade cóntase por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba, afectando sobre todo á cría de berberecho e comprometendo moi seriamente a campaña do vindeiro verán.

No caso de Carril e Vilagarcía, ademais da baixa salinidade, moito marisco foi arrastrado polos temporais e as perdas tamén son grandes no caso do berberecho, mais no caso da ameixa babosa son aínda maiores.

Aquí, a mortalidade dos últimos días veu a agudizar unha situación xa crítica dos recursos marisqueiros das concesións da agrupación de mariscadoras de Carril.

Este colectivo xa aturou unha sucesión de temporais no inverno de 2019 que danaron de moita consideración os bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia de Compostela-A Concha, producíndose xa daquela unha mortalidade altísima de berberecho, ameixa fina, babosa e xapónica.

A maiores, en outubro de 2020, os novos temporais converteron a situación en insostíbel pola acción combinada de acumulación de algas e o movemento dos fondos que orixinou un escalón a modo de muro ao longo de toda a praia.

A día de hoxe, as consecuencias destas reiteradas inclemencias en pouco tempo son un nivel de produción baixísimo e unha agrupación de 86 persoas que, despois de realizar un investimento de 80.000 euros de semente no banco de Compostela-A Concha, levan dende outubro paradas, moitas delas de baixa e moitas outras recorrendo aos servizos sociais para poder vivir.

Unha agrupación que, por esa acumulación de motivos, solicitou no seu día o cese de actividade á Consellaría do Mar por un período de seis meses nos dous bancos marisqueiros que explota para posibilitar e facilitar a recuperación dos mesmos e que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

obtivo un non por resposta, en contra do voto favorábel da maioría da propia agrupación. E diante da súa desesperada situación, a Consellaría tampouco tivo en conta o recurso de alzada que presentou abocándoa a acudir aos tribunais na procura dunha resolución ao conflito.

As confrarías de Lourizán, San Telmo e Raxó, na ría de Pontevedra, manteñen os seus bancos pechados pola grande mortalidade de ameixa xapónica tamén provocada pola baixa salinidade da auga que lles impide mariscar por mor de non mover o substrato e non crear máis problemas aínda. Aquí suspenderon o marisqueo de xeito temporal agardando as vindeiras mareas vivas e coa expectativa da recuperación do marisco.

No caso da ría de Vigo, zonas como Arcade, Cesantes, Redondela ou Vilaboa quedaron considerabelmente danadas, chegando a contabilizarse máis dun 60% de ameixa morta

A confraría de Noia non está acadando os topes de berberecho, ameixa babosa e fina, tamén debido aos temporais e á baixa salinidade da auga. Nas concesións da confraría de Cabo de Cruz, tanto en Barraña como en Mañóns as sucesivas semanas de mal tempo provocaron a mortalidade de toneladas de marisco e as mariscadoras e mariscadores permanecen inactivos.

E, por último, na ría de Camariñas, na zona da Paxariña, é o berberecho o de máis mortalidade.

A todo isto debemos sumar a problemática xeral que ten provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos das mariscadoras e mariscadores.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para facer fronte á situación de mortalidade de moluscos e á previsíbel perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas após os últimos temporais?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 01/03/2021 18:14:15**





### Á Mesa do Parlamento

**Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, vai vostede reunirse con líderes das forzas parlamentarias de Galicia para abordar a saída da crise?

Pazo do Parlamento, 01 de marzo de 2021

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**  
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2021 18:22:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

### **PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Que medidas vai tomar o seu goberno para avanzar cara a igualdade real das mulleres?*

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2021


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2021 18:22:15**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGBYjx00sdf8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

